



ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA 27 DE SETEMBRO DE 2019

Asistentes:

ROBERTO CASTRO ROCAMONDE
MARÍA JOSEFA CODESIDO BARREIRO
ADELA ISABEL IGLESIAS TOJO
GEMMA VERÓNICA LÓPEZ DE FUENTES
XOÁN ANTÓN LOUZAO RODRÍGUEZ
MARÍA ELVIRA MARTÍNEZ LÓPEZ
JESÚS MARTÍNEZ PEREIRA
MANUEL PUGA GARCÍA
DARÍO REY SUÁREZ
ALFREDO SOUTO CASTELO

Na Casa do Concello de Touro (A Coruña), sendo as trece horas e corenta e cinco minutos do día vinte e sete de setembro de dous mil dezanove, reuníronse os señores concelleiros da marxe ao obxecto de celebrar sesión ordinaria do Pleno do Concello para a que foran previamente convocados, baixo a presidencia do señor Alcalde, D. Ignacio Codesido Barreiro, e coa asistencia do Secretario titular, D. José Antonio Gómez Pedreira.

Reunindo os asistentes o quórum necesario para a válida celebración das sesións, polo señor Alcalde abriuse a sesión cos seguintes puntos na orde do día:

I.- CONTA XERAL EXERCICIO 2018.

Polo señor concelleiro D. Roberto Castro Rocamonde, en nome do grupo municipal Marea Veciñal de Touro, pídese a suspensión do punto da orde do día por non ter acceso completo ao expediente da Conta Xeral, especificando que ten habido unha Comisión Especial de Contas que durou un minuto e medio e non se tratou a conta xeral, especificando que na Comisión de Contas celebrada no ano 2019 non sabe ben que se ten informado se non había a documentación na súa integridade.

O señor Roberto Castro segue a manifestar que o 17 de xuño solicitou diversa documentación cunha resposta dun escrito infame para xustificar a non entrega desa documentación, unha documentación que era previa á condición de concelleiros do seu grupo, evidentemente de asuntos pasados pois non podería ser de asuntos futuros, o 30 de xullo contestáronlles, en relación con outra solicitude de acceso a información, que se remitiría a conta cando fose sometida á aprobación do Pleno, especificando que a conta foi entregada con documentación incompleta. Ademais –continúa D. Roberto Castro- houbo unha Comisión de Facenda e Contas e non se tratou o tema, unha comisión que se despachou en minuto e medio e na que se podería tratar o asunto e –como ten proposto o seu grupo- estar composta de catro membros con voto ponderado e cobrando 600 euros e non 1.350 euros por minuto e medio e un asunto.

O señor D. Roberto Castro manifesta que a proposta do seu grupo é a suspensión do punto na orde do día ou noutro caso abandonarán o Pleno, solicitando do señor Alcalde que se pronuncie ao efecto.

Polo señor Alcalde maniféstase que non se vai a suprimir o punto da orde do día.

Seguidamente o grupo Marea Veciñal de Touro abandona o Pleno.

Polo señor concelleiro D. Xoán Louzao, en nome do grupo do BNG, manifesta que o seu grupo está en contra de que non se facilite toda a información que se precise aos concelleiros e que descoñecía a cuestión que se estaba a tratar sobre este tema.

Así mesmo, o señor Xoán Louzao manifesta que na Comisión de Contas tiña reservado para o Pleno a súa posición por canto existía un superávit enorme do que se deducía un problema de xestión e de como se executan os orzamentos, anunciando a abstención do seu grupo, especificando que non ten sentido que non se dea información aos grupos municipais.

Pola concelleira D^a Gemma Verónica López, en representación do grupo do PSG-PSOE, maniféstase no mesmo sentido que o BNG, especificando que é necesario ter toda a información posible, sendo un xesto pouco democrático, anunciando a súa abstención polo mesmo motivo xa expresado polo representante do BNG, expresando que o seu grupo utilizaría a execución orzamentaria doutra maneira.

O señor Alcalde contesta que as contas son como quedaron e sométese a votación.

Sometida a votación a Conta xeral do exercicio 2018, o Pleno, por seis votos (grupo do PP) a favor e dúas abstencións (grupos BNG e PSG-PSOE) dos membros presentes, acorda dar a súa aprobación a Conta xeral do exercicio 2018, sendo o seu resumo o seguinte:

- ACTIVO 18.039.523,09 €
- PASIVO18.039.523,09 “

Conforme ao artigo 100.1 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais: “considerarase que se absteñen os membros da Corporación que se houberan ausentado do salón de sesións unha vez iniciada a deliberación dun asunto e non estivesen presentes no momento da votación”.

II.- DESIGNACIÓN DÍAS FESTIVOS LOCAIS 2020.

Neste punto da orde do día entran no Pleno os concelleiros do grupo municipal Marea Veciñal de Touro.

Solicitado pola Conselleira de Economía, Emprego e Industria, a designación de días festivos locais correspondentes o calendario laboral do ano 2020, o Pleno, por unanimidade, acorda designar como festas laborais no Concello de Touro os seguintes:

- 25 de febreiro: Martes de Carnaval.
- 13 de abril: Luns de Pascua.

III.- ACTUACIÓNS A LEVAR A CABO EN RELACIÓN COA ACTIVIDADE DA EMPRESA TEN SL.

Polo señor Alcalde dáse lectura á proposta de resolución en relación coa actividade da empresa TEN SL no Concello de Touro na que se propón requirir á empresa TEN SL para que adopte medidas que eviten os cheiros que se veñen a producir, e solicitar a Xunta de Galicia diversas actuacións para requirir da empresa TEN SL que se axuste ás autorizacións concedidas para a súa actividade.

Polo señor concelleiro D. Roberto Castro, en nome do grupo Marea Veciñal de Touro, maniféstase que se presenta emenda á proposta, especificando que o seu grupo está en contra do modelo de xestión de residuos de TEN, posto que non se trata de xuntar os residuos de todo o país e confinalos nunha aldea, non é esa a proposta de Marea Veciñal que promove a erradicación dese modelo, trataríase dunha xestión de residuos a nivel local, sen transferencias a outros vertedoiros, como xa teñen algunhas cidades coma Compostela, A Coruña, etc, cada poboación terá que xestionar os seus propios residuos con modelos mancomunados ou locais, pero nunca coma o modelo que está agora en vigor.

Así mesmo, o señor Roberto Castro, manifesta que o seu grupo celebra que o grupo de goberno trouxera por primeira vez unha proposta ao Pleno. Celebramos ese punto de inflexión –segue a manifestar- que ven dunha reunión veciñal na que se puxo de manifesto o desinterese da administración na súa labor de control con notable ineficacia desde o ámbito administrativo. Nesa reunión propúxose que o Concello encargara unha auditoría e no caso de que procedera, denunciar o tema ante os tribunais de xustiza, sendo ese o sentido da emenda, posto que o señor Alcalde ten adoptado ese compromiso. A proposta do grupo de goberno non é o compromiso que se adoptou cos veciños, sendo esa a causa da presentación da emenda que textualmente di:

“A proposta de actuacións a levar a cabo en relación a actividades da empresa TEN SL presentada pola Alcaldía para a sesión do Pleno do vindeiro día 27 de setembro, o grupo municipal da Marea Veciñal de touro presenta á mesma a seguinte emenda de engádegas:

Engadir ao acordo o seguinte punto:

4.- Cumprindo co compromiso adoptado publicamente polo señor Alcalde diante da veciñanza reunida no Local Social de Loxo o pasado día 6 de setembro, o Concello de Touro encargará unha auditoría ambiental sobre a actividade, as instalacións, cumprimento da autorización Ambiental Integrada e sobre o impacto na poboación próxima de TEN (Tratamientos Ecolóxicos del Noroeste SL). A tal efecto, facúltase ao señor Alcalde para a tramitación dun procedemento de contratación con carácter de urxencia dunha consultoría independente, e facultándoo para a habilitación de crédito se fose necesario.

Se da auditoría ambiental se puideran deducir responsabilidades por incumprimentos legais ou regulamentarios, procederíase a denunciar diante dos Tribunais de Xustiza.”

O señor Roberto Castro pon de manifesto que a proposta sen a emenda que propón o seu grupo é fume, por canto que o que se propón son cuestións que xa foron tratadas, esta proposta ven da Alcaldía e fala do incumprimento da autorización ambiental integrada, o que implica que o Alcalde ten datos do incumprimento, e terá que exercer de Alcalde, non ten que traer ao Pleno esta proposta, pode esixir por si mesmo que se cumpra o autorizado, tendo en conta que o seu cargo é voluntario e ten un máximo salario posible, polo tanto debe de exercer de Alcalde, ter requirido á empresa, notificado a paralización da actividade en tanto non se axuste a autorización ambiental integrada, solicitando o voto favorable a emenda, anunciado o voto en contra da proposta en caso contrario.

Polo concelleiro D. Xoán Louzao, en representación do grupo do BNG, dáse lectura a súa proposta, que textualmente di:

“Moción para a solución definitiva do problema da pestilencia da Mina.

Os problemas de contaminación da mina véñense arrastrando dende fai décadas e supoñen o maior problema ambiental que sofre o noso concello, coa contaminación dos terreos e dos ríos e regatos. A esta contaminación sumouse a derivada da actividade de xestión de residuos que dende o ano 2003 se esta desenvolvendo nos terreos das antiga explotación mineira pola empresa Tratamientos ecolóxicos do noroeste, S.L. (TEN).

Esta nova actividade, lonxe de servir para recuperar e rexenerar os terreos, como era un dos seus obxectivos iniciais, supuxo que este espazo se convertera en realidade nun macrovertedoiro que sumou un novo problema ambiental moi grave derivado da mala praxis na actividade de xestión de residuos e do depósito de grandes cantidades destes residuos nas entulleiras da antiga mina que realiza esta empresa, que provocan episodios continuos de pestilencia que alcanza aos núcleos de poboación do entorno.

Este problema vense sufrindo dende que se iniciou a actividade e, lonxe de arranxarse, agrávase por momentos sometendo aos veciños dos lugares máis próximos a unha situación que en determinados momentos e segundo as condicións climáticas e a dirección do vento faise insostible. A intensidade dos olores xera, non só un problema ambiental, senón un problema de calidade de vida e de risco para a saúde dos veciños/as.

A actividade da empresa está provocando un descenso da calidade de vida de toda a poboación afectada, especialmente das parroquias de Loxo e Touro, xa que a mala xestión dos residuos e a conversión dos terreos da antiga mina nun inmenso vertedoiro sen que haxa un control nin das cantidades nin que tipos de refugallos alí se depositan imposibilitan que poidan desenvolver unha vida normal.

O BNG leva denunciado en innumerables ocasións esta situación dende que se iniciou a actividade con mocións no parlamento español, no parlamento galego, no concello de Touro, con reunións con veciños/as e recollida de sinatura, con denuncias ao Seprona, etc.

Non foi porque non houbera coñecemento nin denuncias da situación polo que non se actuara. O goberno municipal, se ben recoñece o problema, nunca o considerou de primeiro orde e nunca tomou a iniciativa de maneira enérxica e decidida, como para esixirlle á empresa o cumprimento das condicións que se contemplan na Avaliación Integral (AAI) nin á Xunta a súa función de inspección sobre as súas actividades.

A A.A.I. outorgada o 8 de xullo de 2015 pola Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental establece unha serie de condicionantes referidos aos olores, como a realización de olfatometría dinámica por unha entidade acreditada pola ENAC e en función dos resultados desta levar a cabo todas as accións necesarias para diminuír a xeración de olores e un plan de vixianza e control de olores. Así mesmo propón unha serie de mellores técnicas dispoñibles para evitar os malos olores nos núcleos de poboación.

Por outra banda na AAI tamén se contempla a revisión das condicións recollidas na mesma unha vez pasados catro anos dende as conclusións sobre as mellores técnicas dispoñibles.

Vemos por tanto que non se están a cumprir as condicións que se impuxeron na autorización que no seu momento outorgou a Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental e que as administracións que tiñan que velar para que se cumprisen tampouco desempeñaron o seu cometido.

Nin sequera a empresa cumpre as súas propias obrigas e recomendacións. No seu informe anual de 2018 recoñece que non se realizaron todas as accións recollidas no plan de melloras (Ampliación da superficie cuberta, implantación sistema aireación ou recubrimento do parque de tecnosolos, sistema de regos en vias...).

Propón tamén que cando se detecte un episodio de olor estableceranse as medidas correctoras que reduzan e o eliminen nun corto espazo de tempo o que evidentemente non se cumpre segundo se desprende dos propios datos que o citado informe recolle. Neste informe referido ao control de olores dos anos 2015 e 2017 constátase que a concentración de olores do ano 2017 aumentou en catro dos cinco puntos mostrados respecto ao ano 2015.

Tamén se observa o mesmo no libro-rexistro de olores onde entre abril de 2017 e xaneiro de 2018 se rexistran continuos episodios de olor en Loxo e Touro moitos deles de varias horas de duración.

É evidente que ningunha actividade empresarial pode provocar un problema ambiental e de saúde pública tan severo, e que se por parte da empresa non se procede ao cumprimento de todas e cada unha das condicións da súa autorización que garantan a non afección ao medio deben ser as Administracións Públicas as que actúen, o concello como administración máis cercana e afectada na súa labor de vixianza e a Xunta de Galicia na súa función de control e de capacidade coercitiva para coa empresa.

Por todo o exposto é polo que o Grupo Municipal do BNG, solicita do Pleno da Corporación Municipal a adopción dos seguintes:

ACORDOS

1. Esixir á empresa a adopción de medidas urxentes para que de xeito inmediato cesen os cheiros dende este mesmo momento e se lle obrigue a implementar todas as medidas necesarias para que ante calquera episodio de malos olores se poida eliminar de inmediato.

2. Esixir á empresa a obrigatoriedade do cumprimento das condicións establecidas na AAI e á Xunta a súa labor de inspección continua para facerllas cumprir, así como a modificación de todas aquelas condicións que sexan necesarias para poñer fin de maneira definitiva aos episodios de malos

olores, incluíndo a suspensión daquelas actividades xeradores dos focos de olores mentres no se poida garantir que estas non van producir contaminación odorífera, coa advertencia de que de non poder eliminarse de forma permanente e definitiva a afección que os episodios de olores provoca na poboación será retirada a autorización que no seu momento se lle outorgou a esta empresa.

3. Solicitar á empresa copia do libro-rexistro no que esta debe anotar todos os potenciais eventos de olores que se produciran, as mostras realizadas e as incidencias. Así mesmo solicitar a Augas de Galicia os informes sobre lixiviados que debe presentar a empresa a fin de comprobar que cumpre os parámetros esixidos na AAI.

4. Esixir á empresa un estudo olfatométrico de campo, continuado e en diferentes puntos do entorno das zonas máis afectadas, durante un período de tempo que permita ter datos nas diferentes condicións atmosféricas.

5. Criar no concello un modelo de denuncia e un libro-rexistro de denuncias para que no caso de seguir producíndose cheiros os veciños/as poidan deixar constancia do mesmo e poida ser usado como proba documental polo concello ante a hipotética necesidade de actuar contra a empresa e a propia Xunta.

6. Esixir á Xunta o control do depósito de tecnosolos que se está realizar polas entulleiras para verificar que estes cumpren as condicións recollidas na Instrución Técnica de residuos (ITR 01/08) da Dirección Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental referente a elaboración de Tecnosolos.

7. Comunicar todos estes acordos á empresa TEN, S.L. e á Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático.”

O señor Xoán Louzao manifesta que lle parece ben a emenda de Marea Veciñal de Touro, aínda que non cre que o Concello teña que pagar unha auditoría, posto que está recollida en todos os rexistros, estudos e auditorías de entidades independentes.

Así mesmo, o señor Xoán Louzao pon de manifesto os episodios que de abril de 2017 a xuño de 2018 se teñen dado de olores, algúns que superaron os 27 minutos día e outros de catro horas, o que da idea da contaminación producida, nos cinco puntos de muestreo hai un aumento durante o ano 2017, polo que entende que non parece necesario falar dunha auditoría, especificando que a súa proposta inclúe a suspensión da actividade que puidera xerar olores, pero que non precisa o pago con cargo ao Concello de touro dunha auditoría.

Por D^a Gemma Verónica López, en nome do grupo PSG-PSOE, maniféstase que apoian as emendas presentadas hoxe neste Pleno polos grupos de Marea Veciñal de Touro e BNG, que pretenden a erradicación dos malos olores denunciado polos veciños, procedentes da empresa TEN SL.

Sen embargo, a proposta presentada polo equipo de goberno demostra claramente que non cumpriu co acordado en sesión plenaria con data 25 de setembro de 2015, na que se transcribían os seguintes puntos:

1º. Seguimento e control continuo por parte do Concello do tipo e cantidade de refugallo que a empresa está depositando na mina e se esta está autorizada para realizar a xestión deses refugallos.

2º. Obrigar á empresa a que tome as medidas necesarias para que esta actividade non supoña un maior problema ambiental, en concreto, que remate definitivamente coa emisión de fortes olores que se desprenden da mesma.

3º. Advertir á empresa que se non elimina este fedores se procederá a instar ao órgano que corresponda a revisión da licenza de actividade, sen desbotar a retirada da mesma po parte de quen corresponda, se non se garante que a súa actividade non supón ningún problema ambiental e de saúde para o Concello.

Estes puntos-acordo remitíronse a empresa, que contestou a este acordo o 3 de novembro de 2015, no que tal como se pode comprobar a empresa manifesta ter todo en regra e coas medidas legais necesarias.

Pregúntanse:

1º Onde está este seguimentos e controis por parte do Concello? Se non se fixeron, vostedes mesmos están recoñecendo que non tomaron ningunha medida do acordado naquel Pleno.

2º Que medidas adoptaron para rematar cos olores, que xa vostedes mesmos recoñecían que eran “moi fortes”.

3º. Estes olores non se eliminaron, vostedes mesmos expresan a súa persistencia e intensidade, entón a quen instaron para revisar a licenza de actividade? Se non o fixeron volveron a incumprir o acordo que vostedes mesmos trouxeron para someter a aprobación por parte do Pleno o 25 de setembro de 2015.

Por tanto, o señor Alcalde é o responsable e o que ten, sempre tivo, as competencias e potestade necesarias para abordar e arranxar este asunto. Agora, novamente, pretende evadir a súa responsabilidade, facendo que sexan os veciños os que tomen o control e traballen para el, como ve, todo o contrario das funcións dun rexedor: estar ao servizo dos veciños e traballar para eles.

Por tanto, ten que facer o seu traballo e non darlle a espalda aos veciños, non pasarlle a pelota a eles, e comezar a cumprir o que xa prometeu hai anos.

Como proposta, e xa que o señor Alcalde se comprometeu a traballar para erradicar estes olores, e o grupo socialista demandoulle unha auditoría da empresa para comezar unha liña de traballo, cremos necesaria a creación dunha comisión de seguimento de tódolos grupos políticos e redacta unha declaración conxunta.

Anuncia o seu voto favorable as emendas de Marea Veciñal de Touro e BNG.

Polo señor Alcalde contéstase que pode ser que e falara dunha auditoría ambiental pero con cargo á Xunta de Galicia e que en todo caso non esta de acordo con levar o asunto aos tribunais, especificando que tería que consultarse a realización dunha auditoría. Así mesmo manifesta que a competencia é da Xunta .

A señora concelleira D^a Gemma Verónica López manifesta que o señor Alcalde comprometeuse a realizar a auditoría.

O señor Alcalde contesta que non ten dito esas palabras que se lle atribúen.

O señor concelleiro D. Dario Rey Suárez manifesta que se comprometeu cunha auditoría ambiental aínda que non se expresaron os termos da mesma, e por outra banda a referencia aos tribunais de xustiza non se refire a que o teña dito o señor Alcalde por canto está nun parágrafo diferente, trátase dun problema de comprensión lectora.

Polo señor concelleiro D. Roberto Castro maniféstase que parece que o señor Alcalde lle doe que se gaste diñeiro público nesta auditoría, cando se teñen gastado 1.350 euros nunha comisión que durou minuto e medio.

Así mesmo, segue a manifestar que o Alcalde ten que exercer de Alcalde e no seu caso responder a actividade da empresa, sendo que o señor Alcalde é coñecedor de que sobren 30.000 toneladas entre as que entran en TEN e as que se procesan de diversas maneiras, polo que non se sabe a onde van, polo que lle recomenda unha visita guiada co señor Felipe Macías para que vexa que hai material sen aplicación controlada e unha vez que o teña comprendido enviarllo ao fiscal de medio ambiente.

O concelleiro D. Roberto Castro manifesta que coa proposta do grupo municipal non se da cumprimento ao requirido pola veciñanza, porque non se inclúe a auditoría ambiental.

Polo concelleiro D. Xoán Louzao, en representación do grupo do BNG, maniféstase que xa existe unha auditoría ambiental polo que entende que hai que esixirle que e obrigue a empresa a cumprir o que xa está nos papeis; así mesmo, entende que sería necesario o acordo conxunto para resolver o problema e non cada una coa súa posición.

Pola señor concelleira D^a Gemma Verónica López maniféstase que está igualmente de acordo coa posición do BNG e que sería preciso unha posición conxunta en algo en que todos están de acordo, cun compromiso e facendo unha comisión de seguimento.

Sométese a votación a emenda do grupo Marea Veciñal de Touro á proposta do grupo de goberno, que é rexeitada por seis votos en contra (grupo do PP), tres votos a favor (Marea Veciñal de Touro) e dúas abstencións (grupos do BNG e do PSG-PSOE).

Sometida a votación a proposta do grupo do BNG, a mesma é rexeitada por seis votos en contra (grupo PP), dous votos a favor (grupos BNG e PSG-PSOE) e tres abstencións (Marea Veciñal de Touro).

Sometida a votación a proposta do grupo popular que se transcribe:

“Habéndose constatado polas denuncias dos veciños do Concello e pola evidencia da existencia de cheiros persistentes procedentes da empresa TEN S.L., ubicada neste Concello de Touro.

Tendo en conta que a responsabilidade directa dos feitos corresponde a mencionada empresa e o control, seguimento e procedemento sancionador corresponde a Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental, segundo o establece o Decreto 44/2012 de 19 de xaneiro e a Autorización Ambiental Integrada outorgada en data 8/07/2015 a empresa TEN S.L. para a planta de valorización de fertilizantes e solos artificiais e a xestión de residuos non perigosos de orixe doméstica e industrial.

En atención os efectos que os malos olores procedentes da mencionada empresa están causando os veciños do Concello, o incumprimento que se deriva da actividade da empresa, o cheiro que produce, e tamén polo transporte do material que se deposita nas súas instalacións, transporte tanto na entrada coma na saída, e que non se teñen adoptado as medidas precisas para evitar os efectos que se producen pola súa propia actuación, o incumprimento que podería terse levado a cabo da autorización ambiental integrada, non soamente polos efectos colaterais dos cheiros, senón da propia xestión dos residuos que se almacenan pola empresa nas antigas minas, non podendo acreditarse fehacientemente canto material se está a procesar pola empresa por canto que existen diferencias entre o material que entra o reutilizado segundo se desprende das informacións recabadas polo Concello, propónse a adopción do seguinte acordo.”

O Pleno por seis votos a favor(PP), e cinco en contra (Marea Veciñal Touro, BNG, PSG-PSOE) acorda:

1.- Requerir a empresa TEN S.L. para que se adopten as medidas necesarias, urxentes e imprescindibles, para que de forma inmediata e permanente evitar a proliferación de cheiros e malos olores que se están a producir pola actividade da mencionada empresa, e a súa adaptación a autorización ambiental integrada.

2.-Solicitar da Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental, se inicie expediente para comprobación do axuste da actividade da empresa TEN S.L. a declaración ambiental integrada outorgada por ese organismo en data 8.07.2015 no que respecta o tratamento dos residuos autorizados e o seu control, e, en todo caso, se proceda a requirir a citada empresa para que cesen os cheiros e malos olores que se veñen a producir de forma reiterada pola actividade da mencionada empresa.

3.- Solicitar da Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación ambiental, se remita periodicamente o Concello de Touro os resultados das comprobacións efectuadas a empresa TEN S.L. en relación coa actividade que está a desenvolver neste Concello de Touro, e en especial os relativos os controles sobre os cheiros, e os correspondentes a entrada de material e a súa utilización do mesmo pola empresa.

Solicitar igualmente o control da idoneidade dos medios de transporte que se están a realizar dende a orixe do material ata a súa entrada na empresa.

IV.- PROPOSTA DE ACORDO INFORME COMPLEMENTARIO AVALIACIÓN AMBIENTAL EXPLOTACIÓN MINEIRA.

Polo señor Alcalde dáse lectura da proposta do grupo de goberno en relación co informe complementario solicitado pola Consellería de Economía, Emprego e Industria, manifestando que se reiteran as alegacións xa feitas e incorpórase a relativa ao problema da auga na zona.

Polo señor concelleiro D. Roberto Castro maniféstase que se trata dunha proposta da Alcaldía, e pode deducirse que existe algún tipo de acordo con respecto ao problema da auga que deixaría aos afectados no ámbito do proxecto sen a súa captación, traendo unha proposta ao Pleno para que se pronuncie sobre unha cuestión que afecta ao señor Alcalde. O señor Alcalde saberá se ten compromiso ou non, pero non pode pedir que o Pleno llo referende porque poden existir acordo verbais ou se hai algunha outra cousa por aí, polo que entende que a proposta é un disparate, a eses efectos –manifestatén solicitado do Secretario certificación conforme a que non existe ese acordo, debendo o señor Alcalde dicir ao Pleno se existe ou non ese acordo, especificando que o seu grupo non ten ningunha dúbida de que o acordo ten visos de ser certo, especificando que a raíz da información, o Alcalde envía un escrito no que manifesta que el non ten escrito ningún documento, entendendo que deben requirir a Cobre San Rafael no mesmo medio e en todo caso poñerlle unha querella.

En relación coa ampliación do prazo, o señor Roberto Castro manifesta que o 5 de setembro recibíuse a solicitude de informe acabando o 5 de outubro o prazo para contestar, encárgalle a empresa Ambiotec o informe, que fixeran o primeiro (amistades perigosas), pero esa empresa tiña feito traballos para a empresa mineira, e despois de que se puxera de manifesto, a empresa entra en conflito de intereses, e agora xustifícase co trámite que presenta ao Pleno, cando no ano 2014 non presentou alegacións, tratando de escurrir o bulto.

Así mesmo -manifesta o señor concelleiro D. Roberto Castro- vostede ten presentado unha ampliación do prazo a Xefatura Territorial, non lle contesta por escrito e dinlle que ten 15 días máis, cando a empresa ten tido moitos máis prazos e incluso ten presentado fóra de prazo, pedindo agora tres meses, debendo de solicitarse un trato igualitario coa empresa promotora, polo que o grupo Marea Veciñal de Touro ven de solicitar catro meses, igualdade de trato coa empresa, especificando que non se pode opoñer á proposta que ven a dicir que:

"O Concello de Touro vén de recibir da Xefatura territorial de Economía, Emprego e Industria, notificación coa seguinte indicación:

"Cobre San Rafael SL ten en tramitación a solicitude de autorización do proxecto de explotación da mina de Touro. En base ó establecido no art. 37.5 da Lei 21/2013 do 9 de setembro, avaliación ambiental, **remítese a documentación** actualizada presentada pala promotora..." e continuase "**Disporán dun prazo dun mes** para complementar o informe xa remitido. De non recibirse no prazo entenderase que segue a ser válido ao xa remitido".

Á vista do citado documento e informes recibidos na comunicación, **para a que se dá de prazo un mes para responder** por parte do Concello de Touro, debemos indicar as seguintes consideracións:

- Dos **32 documentos** que figuran na comunicación, con **máis de 2.500 páxinas**, resulta totalmente inviable por parte do Concello **nun mes** poder avaliar tecnicamente, con rigor e de maneira completa a documentación actualizada presentada pola promotora.
- Someramente analizados os documentos recibidos **constátase que non se dá resposta aos 15 informes sectoriais** presentados polos organismos consultados, **entre eles o do Concello de Touro, limitándose** a documentación ás respostas dadas aos informes de Augas de Galicia e Patrimonio Natural.
- **Que o venres 25 de agosto de 2017** publicouse no Diario Oficial de Galicia **Resolución de 18 de agosto de 2017**, da Xefatura Territorial da A Coruña, pola que se sometía a **información pública**, a **actualización do proxecto de explotación, plan de restauración e estudo de impacto ambiental da concesión de explotación San Rafael número 2946**, sita nos Concellos de Touro e O Pino (A Coruña), promovido pola sociedade Cobre San Rafael, S.L. . A documentación referente ao citado procedemento encontrábase dispoñible na páxina web da **Consellería de Economía, Emprego e Industria presentando as correspondentes alegacións dentro do prazo dun mes que se proporcionou para poder facela e non facilitándose ningún tipo de aprazamento a pesares de telo solicitado polo voluminoso de toda a documentación.**

- **Dous anos despois** da anterior exposición pública, **e despois de facilitárselle reiteradamente á empresa** que promove o proxecto **aprazamentos e suspensións de prazo por parte da Xefatura Territorial de Minas de A Coruña para responder aos informes sectoriais e ás alegacións presentadas, preténdese que dende o concello se liquide nun mes a resposta a estes novos documentos. O que causa unha total indefensión, discriminación e trato de favor de parte.**
- Entendemos que por parte do concello de Touro en **consideración a toda a veciñanza** que se poida ver afecta, **tería que facilitar o acceso público** a toda a nova documentación recibida sobre este proxecto, en cumprimento da transparencia que debe guiar todo o proceso.
- Que o **Concello debe velar pola igualdade de trato no acceso á información e transparencia** dos asuntos que afectan nos medios de vida das veciñas/os, e no seu futuro . Este proxecto, como se vén constatando dende hai dous anos, é de substancial e fundamental importancia de sobra demostrado, cunhas repercusións no medio natural, cultural e económicos que require da máxima transparencia e participación da poboación directamente afectada.
- Que **tendo en conta que a empresa tivo case dous anos** para poder presentar novos documentos aos informes sectoriais e demais alegacións, e presupoñendo que son expertos na materia por estar habituados a estes trámites, **que menos que a poboación teña, se non dous anos, cando menos os mesmos meses** que Cobre San Rafael SL pediu no transcurso destes dous anos de trámite administrativo para completar os informes que na exposición pública non presentou e que cambian substancialmente toda a información sometida a información pública ao inicio.

Por todo elo, **dende O Grupo da Marea Veciñal de Touro pídese ao Pleno a adopción dos seguintes acordos:**

Primeiro.- Que o **Concello de Touro solicite á** Xefatura territorial de Economía, Emprego e Industria, a atención de D. Isidoro Martínez Arca que subscribe a comunicación en calidade de Xefe de Territorial, **a suspensión ou ampliación de prazo, como mínimo, de catro meses do prazo para a resposta a estes novos informes do proxecto Touro,** recibidos da Administración tramitadora en base ao anteriormente indicado, como medida excepcional e temporal que permita, por todas as circunstancias que concorren neste procedemento e por todas as implicacións que conleva.

Segundo.- Que o **Concello de Touro solicite á** Xefatura territorial de Economía, Emprego e Industria, a atención de D. Isidoro Martínez Arca que subscribe a comunicación en calidade de Xefe de Territorial, **toda a documentación de respostas a todos os informes sectoriais e alegacións,** que a promotora Cobre San Rafael SL. aportou, unha vez rematado o prazo de exposición pública, ca fin de poder contar co expediente completo, en especial a resposta dada ao informe presentado no seu momento polo Concello de Touro dento do período de exposición pública. Que estes informes lle sexan remitidos **por vía electrónica** coa maior premura que permita a non dilación no procedemento.

Terceiro.- Que atendendo ao estipulado na Lei 27/2006 pola que se regulan os dereitos de acceso á información , da participación pública e do acceso á xustiza en materia ambiental (convención de Aarhus) e a Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, **se dea acceso público a estes novos informes e a todos os que poidan recibirse sobre o proxecto por parte do Concello a través da súa páxina web, que faciliten que a cidadanía e organizacións que se consideren afectadas poidan presentar novas alegacións neste momento.**”

Así mesmo D. Roberto Castro anuncia o seu voto en contra da proposta do grupo de goberno.

Por D. Xoán Louzao, en nome do grupo do BNG, manifesta que despois de dous anos existe unha desazón no procedemento, con presentación de alegacións, informes e a Xunta dando outra oportunidade, que non veñen a resolver ningún dos problemas que poñen de manifesto os informes sectoriais, de novo outra oportunidade, outra vez nova documentación e vólvese a repetir outra vez o mesmo, esperando a empresa e a Xunta a ver se hai cambio de goberno, coma cando se aprobaron os

encoros e os eólicos co goberno en funcións, todo e moito máis simple –manifesta D. Xoán Louzao- hai que esixirlle ao órgano ambiental que dite declaración de impacto negativa.

O señor Xoán Louzao manifesta que fai un ano xa se solicitou do goberno que presentara alegacións en exposición pública, sen que se presentaran polo goberno e sendo Adegas quen as ten presentado, rogando do goberno que se solicite a declaración de impacto negativa.

Así mesmo, o señor concelleiro Xoán Louzao manifesta que todo ven a ser os mesmos parches, xa se ten acordado en Pleno, a proposta do BNG, a problemática da auga, especificando que o goberno ten que saír a denunciar o tema, Cobre San Rafael presenta unha fe de erratas para borrar que había un compromiso co Concello, pero o grupo de goberno non dixo nin pío sobre o asunto.

Polo concelleiro D. Xoán Louzao dáse lectura á proposta do seu grupo no que se recolle que:

“Van alá máis de dous anos dende que se dou a coñecer o proxecto de reapertura da explotación da mina para a extracción de cobre nos concellos de Touro e O Pino, presentado pola empresa Cobre San Rafael S.L.

Durante todo este tempo presentáronse innumerables alegacións por diferentes colectivos, veciños/as, administracións públicas, etc rexeitando este proxecto polos enormes impactos negativos medioambientais, económicos, sociais, patrimoniais e de saúde pública que xeraría de levarse a cabo. O concello de Touro emitiu informe en outubro de 2017 onde se fai referencia a 29 posibles afeccións do proxecto.

Os propios informes sectoriais emitidos por diferentes departamentos da Xunta de Galicia poñen en evidencia moitos dos graves problemas que se derivarían deste proxecto.

Os diferentes documentos de actualización do proxecto que a empresa foi emitindo con posterioridade para responder a estas alegacións non desmontan os argumentos nos que se basean as alegacións. Son meros parches e modificacións cosméticas do proxecto que mantén as condicións substanciais iniciais e que non disipan ningún dos temores que este proxecto xerou dende o primeiro momento: destrución de superficie agraria útil, risco para a saúde das persoas, risco alto de rotura da presa de estériles, risco de rotura do sistema de impermeabilización e drenaxe de augas ácidas ao DPH, afección ao patrimonio natural, etc.

Nos informes de actualización confírmase practicamente todas as afeccións e incluso se fan máis evidentes algunhas citadas someramente nos documentos iniciais como a afección a elementos patrimoniais e a eliminación de mananciais que subministran auga aos fogares e explotacións agrogandeiras. Recoñecen que máis do 10% da poboación de Touro quedará sen auga. Terá que ser o concello o que busque unha alternativa agravándose o problema de abastecemento que cada vez con máis frecuencia se está a producir na traída municipal nos períodos de seca.

Durante o pasado mandato foron moitas as iniciativas que o BNG trouxo a este pleno para rexeitar este proxecto, moitas delas aprobadas por unanimidade, poñendo de manifesto todos estes impactos tan graves, denunciando o proceder da empresa solicitante, a restauración fallida da anterior explotación, ou a enorme preocupación de toda a cunca do Ulla e da ría de Arousa ante os efectos que se provocarían neste ecosistema e na actividade piscícola e marisqueira.

O pasado 4 de setembro de 2019 recíbese no concello un requirimento da Xefatura Territorial da Coruña da Consellería de Economía, Emprego e Industria polo que se lle comunica que dispón dun prazo de 1 mes para presentar informes complementarios aos xa emitido no seu momento ou manterse nas alegacións xa presentadas.

É evidente que logo de confirmarse todos os efectos negativos, de que o proxecto de actualización segue sendo, no esencial, o mesmo que o inicial, de pronunciarse contra el 44 concellos e as deputacións da Coruña e Pontevedra e de que o propio pleno do concello de Touro ten aprobado a oposición ao mesmo, corresponde en coherencia trasladalo ao órgano correspondente.

Por todo o exposto solicítase ao pleno da corporación a adopción do seguinte acordo:

- Remitir á Xefatura Territorial da Coruña da Consellería de Economía, Emprego e Industria informe complementario onde se deixe constancia que os novos documentos presentados

pola empresa non dan resposta satisfactoria ás alegacións iniciais e non garanten que o proxecto non vai xerar todos os impactos sinalados nas diferentes alegacións, polo que se solicita que o órgano ambiental emita unha Declaración de Impacto Negativa.”

Pola concelleira D^a Gemma Verónica López, en nome do grupo do PSG-PSOE, maniféstase que é complicado entender o sentido da proposta, o seu grupo xa dixo que non aceptaba o proxecto no seu momento, especificando que volve a expresar o mesmo, manifestando tamén estar fartos do tema, posto que se está a reincidir no mesmo, sen que se vexa ningún cambio.

Así mesmo, solicita que se lle explique o contido do escrito da Xefatura Territorial no que outorga un prazo dun mes para complementar un informe xa remitido e de non recibirse nese prazo entenderase válido o xa emitido.

Tampouco entende, segue a manifesta D^a Gemma V. López, o que quere dicirse coa colisión de interese, onde se producen e se ten traballado Ambiotec para a empresa mineira, especificando así mesmo que a cuestión da captación dísenos agora que é unha grave problemática, preguntándose se hai algún compromiso ou acordo entre a empresa e o Concello ao respecto, especificando que están a dicir que non poden asumir a problemática planteada pola existencia de captacións de auga, mananciais e demais recursos hídricos que se verán afectados, ademais solicitan outros tres meses para facer outro informe, realizando todas esas preguntas ao señor Alcalde.

Anuncia o seu voto a favor das proposta dos grupos de Marea Veciñal de Touro e BNG.

Polo señor concelleiro D. Roberto Castro maniféstase que o grupo Marea Veciñal de Touro votará a favor da proposta do grupo do BNG.

Polo señor Alcaldeponse de manifesto que a empresa Ambiotec tivo que haberlles avisado previamente de que traballaran para Cobre San Rafael, especificando que non son amigos seus, e que soamente coñece a unha persoa que veu a firmar o contrato, en relación o tema da auga especifica que e inclúen novas alegacións porque antes non estaban moi aclarado.

O señor concelleiro D. Xoán Louzao manifesta que o tema da auga ven a desfacer todo o entramado e que hai momentos nos que é preciso consensuar, e tamén saber decidir, preguntando ao señor Alcalde se está disposto ou non a asumir a proposta do BNG.

O señor Alcalde contesta que non.

O señor Xoán Louzao manifesta que a cuestión é que hai que elixir entre auga ou mina, cuestións que non son compatibles.

Sometida a votación a proposta do BNG, a mesma é rexeitada por seis votos en contra (grupo PP) e cinco votos a favor (grupos Marea Veciñal de Touro, BNG e PSG-PSOE).

Sometida a votación a proposta do grupo Marea Veciñal de Touro, a mesma é rexeitada por seis votos en contra (grupo PP) e cinco votos a favor (grupos Marea Veciñal de Touro, BNG e PSG-PSOE).

Sometida votación a proposta do grupo popular que se transcribe:

En data 5 de setembro de 2019 tense recibido no Concello escrito da Xefatura Territorial da Consellería de Economía, Emprego e Industria no que se no trámite de Avaliación do impacto ambiental da solicitude de explotación mineira “San Rafael 2916 “ se lle outorgaba un prazo de 1 mes para “complementar o informe xa remitido e de non recibirse nese prazo entenderase que segue a ser válido o xa emitido”.

Polo Concello tense solicitado a unha empresa a realización dun informe complementario que non se puido levar a efecto pola colisión de intereses que se ten producido pola mesma.

En data 19 de setembro tense solicitado a Xefatura Territorial da Consellería de Economía, Emprego e Industria da Coruña unha prorroga do prazo ata o 5 de novembro, pero sen unha resposta escrita da mencionada solicitude.

Tendo en conta que no primeiro informe véñense a recoller a problemática mais relevante que polo Concello se tiña en fase de alegacións e aínda que se puideran cumprimentar algunhas das mesmas na tramitación do procedemento, o Concello de Touro entende que as alegacións presentadas

seguen a ter virtualidade pola importancia e relevancia que as mesmas teñen neste trámite de Avaliación ambiental. O mesmo tempo e preciso poñer de relevancia algunha cuestión que non se tivo en conta inicialmente e que se ten posto de manifesto na tramitación do procedemento, cal é a relativa a necesidade de resolver a problemática plantexada pola existencia de captacións de auga, mananciais e demais recursos hídricos que se verán afectados pola explotación mineira, sen que exista compromiso algún do Concello a eses efectos coa empresa Cobre San Rafael S.L. tal e como se ten reflexado no expediente. A eses efectos tense adoptado acordo Plenario en data 28 de decembro de 2018, e comunicado a Xefatura Territorial da Consellería de Economía Emprego e Industria da Coruña, que o Concello non ten asinado compromiso algún coa citada empresa para a ampliación dun proxecto de ampliación ou compensación da rede de auga municipal.

Co obxecto de que non quede sen responder o requirimento relativo a emisión dun informe complementario, o Pleno, por seis votos a favor (PP) e cinco en contra (Marea Touro, BNG, PSG-PSOE), acorda:

Primeiro.- O Concello de Touro reitera na súa integridade e en todos os seus termos o informe emitido pola empresa Ambiotec remitido en data 27 de outubro de 2017 e que obra no expediente de Avaliación de Impacto Ambiental promovido pola empresa Cobre San Rafael S.L. para a explotación mineira ubicada neste Concello de Touro.

Segundo.- Do procedemento en trámite dedúcese que non se ten dado polo Concello aprobación algunha a unha solución, compromiso ou proxecto relativo a problemática plantexada pola existencia de captacións de auga mananciais e demais recursos hídricos que se verán afectados pola explotación mineira, e que afectan de forma directa a mais de 400 veciños, impedindo o abastecemento a fogares e explotacións agrarias e inciden en regatos coma o Reigada e Pucheiras. A explotación mineira non pode deixar sen abastecemento a parte da poboación do Concello, non podendo a rede municipal facerse cargo, sen mais, da problemática plantexada pola explotación mineira, sen que , ademais exista acordo ou aprobación algunha nin por parte do Concello nin de Augas de Galicia, únicos órganos válidos para a adopción de calquera solución na materia.

Terceiro.- Tendo en conta a necesidade de realizar un informe complementario con unha mellor definición nos argumentos expostos, solicitar a ampliación do prazo inicial por tres meses mais a Xefatura Territorial da Consellería de Economía, Emprego Industria na Coruña.

Cuarto.- Remitir o presente acordo a Xefatura Territorial da Consellería de Economía , Emprego e Industria da Coruña.

V.- MODIFICACIÓN ORDENANZA REGULADORA DO SERVIZO DE ABASTECIMENTO MUNICIPAL DE AUGA.

Dáse conta da proposta de modificación da ordenanza reguladora do servizo de abastecemento de auga, para adaptar a taxa pola prestación do servizo á variación do IPC no período decembro-2017/decembro 2018, que ascende segundo o INE ao 1,20 por cento.

Dáse conta, así mesmo, do informe favorable da Comisión de Facenda á aprobación da mencionada modificación da ordenanza.

Vistos os antecedentes, o Pleno, por oito votos a favor (grupos do PP, BNG e PSG-PSOE) e tres abstencións (grupo Marea Veciñal de Touro), acorda:

Primeiro.- Aprobar inicialmente a modificación da ordenanza reguladora do servizo de abastecemento de auga a domicilio, que transcrita na súa literalidade coa introdución das modificacións propostas di:

“Artigo 1.- De conformidade co previsto no artigo 17 do R.D. Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais este Concello establece a Taxa polo subministro de auga que se rexerá pola presente Ordenanza.

Artigo 2.º- As concesións de auga faranse aos propietarios de fincas urbanas, aos arrendatarios ou a calquera usuario, sempre que estean autorizados para introducir a auga nos edificios que ocupan polos donos dos mesmos.

Artigo 3.º- As concesións faranse a título persoal, previo pago das tarifas vixentes.

Artigo 4.º- Non se farán concesións gratuítas aos particulares, corporacións, institucións, organismos oficiais ou outros similares.

Artigo 5.º- A auga subministrarase mediante contador, que medirá en volumes a cantidade consumida, que será a que o abonado deba pagar segundo as taxas desta Ordenanza, partindo dun mínimo igual para tódolos usuarios.

Artigo 6.º- As concesións de auga serán para usos domésticos ou industriais, entendéndose por tales: bebida, preparación de alimentos, limpeza, aseo persoal e outras similares.

Artigo 7.º- As concesións de auga coa rede xeral serán autorizadas pola Xunta de Goberno Local, previa solicitude do interesado, e serán realizadas única e exclusivamente polo persoal encargado de dita xestión polo Concello.

Artigo 8.º- Desde a peza de toma colocada no ramal correspondente da rede do abastecemento, a instalación farase polo Concello, sendo de conta do abonado o custo correspondente da instalación e conservación.

Artigo 9.º- O Concello, en evitación de abusos, poderá exercer unha vixilancia sobre tubaxes, aparatos de condución e media de auga. O persoal encargado do servizo de augas estará autorizado para entrar nas fincas e inspeccionar e practicar os recoñecementos que xulguen convenientes.

Artigo 10.º- Tódalas concesións faranse polo sistema de contador, podendo os abonados establecer no interior das súas fincas, despois do contador, o número de billas que consideren convenientes.

Artigo 11.º- O contador de auga será propiedade do abonado, convenientemente verificado pola Delegación de Industria da Provincia.

Artigo 12.º- En cada toma de auga instalarase unha chave de paso, que só poderán manexar os encargados do servizo. Os abonados faranse cargo dos gastos de conservación e reparación de dita chave. En caso de avaría na toma de auga, o Concello poderá ordenar o seu precintado de forma temporal.

Artigo 13.º- Os usuarios no poderán vender nin ceder gratuitamente a auga a terceiras persoas, aínda que sexa para dedicar ó mesmo uso para o que se ten concedida.

Artigo 14.º- As concesións de auga van unidas ás fincas que as disfrutan, non podendo, por tanto, transferirse dunha a outra, nin en parte nin na súa totalidade.

Artigo 15.º- Os abonos comezarán a contar desde o día no que empece a correr a auga pola tubaxe do abonado.

Artigo 16.º- O usuario poderá causar baixa cando o desexe, solicitando nas oficinas municipais a baixa correspondente, momento no que procederán os encargados do servizo a cortar o subministro.

Artigo 17.º- O abonado ou os seus herdeiros serán responsables do pago da cota. No caso de baixa, o pago terá efecto ata o primeiro día do mes seguinte.

Artigo 18.º- A tarifa da auga ten un mínimo mensual de consumo de dez metros cúbicos.

Artigo 19.º- No caso de avaría do contador, durante o tempo no que estea inutilizado calcularase o consumo en base ó gasto habido na mesma finca en igual época dos anos anteriores. Esta circunstancia notificarase ó abonado por escrito, dándolle un prazo de 15 días para solicitar o cambio de contador, e a substitución correrá por conta do abonado.

Artigo 20.º- Os abonados que alteren o funcionamento dos contadores para obter un maior volume de auga do que os aparatos sinalan, pagarán una multa de trinta euros, e ademais, o triplo da tarifa mensual a partir do día no que os empregados do servizo efectuaron o último control ata que se advertiu o fraude.

Artigo 21.º- A falta de pago do recibo trimestral leva consigo a suspensión automática do subministro de auga sen previo aviso ó usuario. Igualmente, suspenderase o servizo en caso de que fora negada a entrada no domicilio ó encargado das visitas de inspección oficial.

Artigo 22.º- As solicitudes para conectar na rede xeral do abastecemento de auga potable dirixiranse á Alcaldía e pasarán á aprobación da Xunta de Goberno Local, sendo de conta do solicitante o importe dos materiais, as obras de apertura e peche de gabias, colocación de tubaxes arqueta para rexistro. Tódalas obras necesarias serán realizadas polos encargados do servizo de augas no seu caso.

Artigo 23.º- Os recibos pagaranse trimestralmente de acordo coas indicacións do contador.

Artigo 24.º- Os abonados serán responsables dos danos ou prexuízos que a existencia das tubaxes poida causar a terceiros.

Artigo 25.º- Se o caudal das augas experimentara variacións por razóns climatolóxicas ou outras de forza maior, non darán dereito esta circunstancia aos abonados para que reclamen cantidade algunha a título de indemnización polos danos sufridos.

Artigo 26.º- Cando o abonado observe variacións ou deficiencias no subministro, deberá dar conta con rapidez ao Concello ou ao servizo de augas.

Artigo 27.º- Cando as circunstancias técnicas ou climatolóxicas así o impoñan, pola Alcaldía poderase cortar o subministro ou regular o seu uso de forma temporal.

Artigo 28.º- A contía da taxa regulada nesta ordenanza será a fixada na tarifa seguinte:

- mínimo ata 30 m³ por abonado ao trimestre...: 0,4421 €/m³

- de 31 m³ a 45 m³ por abonado ao trimestre...: 0,5101 €/m³

- máis de 45 m³ por abonado ao trimestre.....: 0,6801 €/m³

Estas tarifas incrementaranse conforme ao establecido na lei co IVE que corresponda en cada momento.

Disposición final.- A presente modificación da Ordenanza entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, e comezará a aplicarse a partir do día primeiro de xaneiro de 2020, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresas.”

Segundo.- Publicar no taboleiro de anuncios do Concello e no Boletín Oficial da Provincia o anuncio de aprobación da modificación da ordenanza polo prazo de 30 días ao obxecto de que se poidan presentar as reclamacións que se estimen oportunas e se poida examinar o expediente polos interesados, de conformidade con establecido no artigo 17 do R.D.L. 2/2004, de 5 de marzo.

Terceiro.- Finalizado o período de exposición pública, resolveranse as reclamacións que se houberan presentado, aprobando a redacción definitiva da ordenanza. No caso de que non se houberan presentado reclamacións entenderase definitivamente adoptado o acordo, publicándose, en todo caso, no Boletín Oficial da Provincia o texto íntegro da ordenanza.

Cuarto.- Autorizar ao señor Alcalde para a execución e tramitación do presente acordo.

VI.- REGULAMENTO RÉXIME INTERNO DO CENTRO SOCIAL DO CONCELLO DE TOURO.

Dáse conta do Regulamento de réxime interno do Centro social do Concello de Touro que foi informado favorablemente pola Comisión correspondente.

Polo señor concelleiro D. Roberto Castro, en representación do grupo Marea Veciñal de Touro, maniféstase que non están de acordo co que se establece no artigo 3, relativo á función social do Centro, por canto que entenden que se trata de funcións restritivas e que non cumpre o obxectivo de función social. Manifesta que o seu grupo non ten proposta, pero vaise abster por incumprimento dos obxectivos que pretende.

Por D^a Gemma Verónica López, en nome do grupo PSG-PSOE maniféstase que o grupo socialista de Touro vai apoiar e apoio decididamente esta posta en marcha dun Centro Social para a

terceira Idade, que poida servir como un lugar de encontro e de xerar espazos lúdicos de convivencia, para un colectivo maioritario no noso Concello, como é a terceira idade, as persoas maiores.

Agora ben, botan en falta, e nisto, entenden, radica a carencia dun centro, que o que vai facer é un traslado das actividades desenvolvidas para a mellora do benestar e o do mantemento das funcións cognitivas, que calquera Concello leva sempre a cabo e ten obriga de facer, que só servirá para as persoas que xa eran usuarios e usuarias destas actividades en horario de mañá. A maioría destas persoas poden desprazarse ata o lugar poden desprazarse ata o lugar onde está ubicado o centro social, no Centro de interpretación Ulla, pero realmente, so é iso un traslado deses usuarios a outro lugar.

E que pasa co espírito dun centro social que pretende a máxima participación e busca a integración dos maiores, de tódolos maiores no mesmo?

En primeiro lugar, demandan que se habiliten medios de transporte para que tamén as persoas maiores que viven soas, que teñen mobilidade reducida e con familias que non poden conciliar os seus horarios de traballo coa atención e o coidado psicosocial a estas persoas poidan participar deste Centro Social, para que establezan interaccións cos seus semellantes, non estean confinadas nas súas casas, e recobren a ilusión por ser partícipes dun proxecto vital e dun plan diario de actividades.

Por outro lado, o persoal que vai atender o centro, pertence á plantilla do Concello, e eles cren que unha opción para asentar poboación nun concello coma Touro, é a creación de emprego. Neste caso sería, é indispensable que haxa un equipo de traballo que deseñe un cronograma de actividades e que estea contratado exclusivamente para atender este centro (enfermeira, traballadora social, ...).

O señor Alcalde manifesta que o expresado por D^a Gemma V. López non ten que ver co regulamento, posto que se trata de que as actividades para maiores funcionen moito mellor, especificando que se pode estudar se se abre pola tarde.

Pola concelleira D^a Gemma Verónica López maniféstase que se pode enfocar coma un centro de día, con enfermeiras que os atendan.

Sometido a votación, o Pleno, por oito votos a favor (grupos do PP, BNG e PSG-PSOE) e tres abstencións (do grupo Marea Veciñal de Touro), acorda:

Primeiro.- Dar a súa aprobación ao Regulamento de réxime interno do Centro social do Concello de Touro que textualmente transcrito di:

“CAPÍTULO I. DISPOSICIÓN XERAIS

Artigo 1.- Obxecto.

O presente regulamento ten por obxecto establecer a organización e funcionamento do centro social do Concello de Touro, considerado como servizo público aberto e integrado na rede dos Servizos sociais, creado polo Concello de Touro para a promoción da convivencia da poboación ancián, sen prexuízo de servir de apoio á prestación doutros servizos sociais.

Configúrase este centro como un equipamento dependente dos Servizos sociais de atención primaria municipais no que se presta, dun xeito estable e continuado, atención directa ás persoas maiores.

Artigo 2.- Identificación da entidade titular, datos do centro, e administración do mesmo.

A titularidade do Centro corresponde ao Concello de Touro (A Coruña), sito en Fonte Díaz, na rúa Isabel II - nº 26, CP: 15822, teléfono: 981504029, fax: 981504110, correo electrónico correo@concellodetouro.gal, tendo este Concello o NIF: P1508600B.

O centro social está situado no núcleo urbano de Fonte Díaz, na rúa Castelao s/n.

O goberno e a administración do centro correspóndelle ao Concello de Touro a través dos seus órganos competentes consorte coa lexislación de réxime local, sen prexuízo de que o Concello poida decidir acudir á súa xestión indirecta mediante concesión administrativa.

O Concello de Touro velará polo bo funcionamento deste centro, exercendo as facultades tutelares sobre os seus usuarios e persoas ou entidades que xestionen o citado centro, de acordo co sistema de competencias establecido na lexislación de réxime local.

Baixo a dirección política municipal que resulte da organización político-administrativa, a actividade ordinaria do centro terá como responsables administrativos dentro do Concello:

- Alcalde, que levará a cabo o control e a relación co centro precisos.
- A Educadora-Psicóloga Social, que se encargará da dirección e organización do centro.
- A secretaría-intervención, que controlará a xestión económico administrativa conforme á normativa aplicable.

Artigo 3.- Función.

O centro cumpre unha función eminentemente social proporcionando aos seus usuarios/as unha atención integral sen discriminacións de raza, sexo ou condición social a través dun programa global que garanta o pleno desenvolvemento físico, afectivo e social das persoas maiores.

Este centro organizará as actividades cos maiores co fin de facilitar a conciliación da vida laboral e familiar e actuará como mecanismo de prevención da exclusión social da poboación maior que vive soa.

Concíbese como un equipamento de atención aos maiores que precisan atención en necesidades de tipo comunicativas, de socialización e de convivencia con persoas da súa idade, de soidade, de mellora da calidade de vida ambiental e persoal, a saúde física e mental.

Trátase dun servizo complementario aos recursos sociais dos que dispón o Concello como o programa de axuda a domicilio, o cheque asistencial ou a “teleasistencia”.

Artigo 4.- Estrutura funcional.

O centro municipal de maiores dispón das seguintes estancias:

- Sala de convivencia:
 - o Zona de xogos.
 - o Zona de televisión.
- Aseos:
 - o Homes.
 - o Mulleres.
 - o Discapacitados.

Artigo 5.- Obxectivos

O obxectivo principal deste centro é mellorar a calidade de vida e a integración social dos maiores do Concello de Touro.

Os obxectivos específicos son:

- Servir de espazo de encontro e convivencia para os maiores do Concello.
- Facilitar a integración, a participación, a solidariedade e a relación co medio social, canalizando cara a Administración Pública as aspiracións, inquietudes e necesidades do sector da poboación de maiores, servindo de apoio para a prestación de servizos sociais e asistenciais.
- Proporcionar medios de entretemento axeitados á súa idade e intereses que contemplan as aptitudes creativas, culturais e recreativas deste sector de poboación.
- Apoiar a auto-organización dos maiores
- Contribuír á prevención do illamento da poboación da terceira idade
- Establecer canles formais de comunicación cos recursos socio-asistenciais, como son o centro de saúde, a Casa do Concello... E nos que as persoas maiores teñen unha maior dependencia.

CAPITULO II. DOS/AS USUARIOS/AS, ADQUISICIÓN E PERDA DA CONDICIÓN DE USUARIO/A, DEREITOS E DEBERES

Artigo 6.- Condición de usuario/a.

Terán dereito a ser usuarios/as do centro, previa presentación de solicitude conforme o Anexo I deste regulamento de funcionamento que se presentará no departamento de Servizos sociais deste

Concello , e tralo outorgamento de autorización por decreto da Alcaldía, as persoas empadroadas no Concello de Touro que reúnan algún dos seguintes requisitos:

- Ter idade igual ou superior a 65 anos,
- Ser pensionista de xubilación, invalidez, outras pensións ou prexubilacións, e ter, nestes casos 60 anos cumpridos.
- Ser pensionistas de viuvez con idade superior aos 55 anos.

Estarán exentas de cumprir estas condicións as persoas que acudan en calidade de cónxuxe ou parella de feito .

Por informe motivado dos Servizos sociais que informe de circunstancias persoais de illamento e soidade, necesidade de relación ou outras situacións análogas poderá autorizarse como usuario persoas que non encaixen nos requisitos anteriormente sinalados .

Excepcionalmente e de forma individual previa solicitude presentada no Concello, por decreto da Alcaldía, poderá permitirse a utilización puntual das instalacións e servizos do centro por persoas individuais e colectivos para reunións e desenvolvemento de actividades que se consideren de interese público, sempre de maneira puntual e en horario que non entorpeza o normal funcionamento do centro social.

Queda expresamente excluída a utilización e celebración no centro de actos electorais ou de contido político.

Artigo 7.- Solicitudes e baixas.

As solicitudes para ser usuarios/as formularanse no modelo normalizado (Anexo I do regulamento) e entregaranse nos Servizos sociais de atención primaria. Xunto a estas acompañaranse os seguintes documentos:

- Dúas fotografías tamaño carné.
- Fotocopia do DNI.
- Xustificantes das pensións percibidas na unidade familiar.
- Certificado de padrón e convivencia da unidade familiar.
- Fotocopia da cartilla da seguridade social.
- Informe médico de que o solicitante non padece enfermidade infecto-contaxiosa.

Así mesmo os Servizos sociais do Concello poderán requirir, con carácter excepcional, calquera outra documentación que acredite a concorrencia de circunstancias excepcionais no solicitante. As solicitudes deberán presentarse nos Servizos sociais do Concello, decidíndose a admisión ou a non admisión como usuario/a por decreto da Alcaldía.

Os decretos da Alcaldía denegatorios da condición de usuario/a serán comunicados por escrito ao interesado/a concretando o motivo da denegación e subliñando os recursos que poden ser interpostos e o seu réxime.

As baixas produciranse a petición do usuario/a, por falecemento ou como consecuencia da aplicación do procedemento sancionador nos supostos previstos neste regulamento. A solicitude de baixa farase efectiva nos 15 días seguintes á mesma.

Artigo 8.- Dereitos e deberes dos usuarios/as.

Dereitos dos usuarios/as:

- Utilizar os locais e servizos do centro, accedendo aos mesmos sen discriminación por razón de sexo, raza, relixión, ideoloxía ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.
- Consideración no trato debido á dignidade da persoa, tanto por parte do persoal do centro ou servizo como dos demais usuarios/as.
- Ao sixilo profesional dos datos do seu historial sanitario e social.
- Participar en todas aquelas actividades organizadas polo centro.
- Aportar suxestións sobre o funcionamento, actividades e outros asuntos de interese para o desenrolo do centro.
- Deixar de utilizar o servizo ou abandonar o centro por vontade propia.

- Unha asistencia individualizada acorde coas súas necesidades específicas.

Deberes dos usuarios/as:

- Cumprir as normas sobre a utilización do centro ou servizo establecidas no regulamento.
- Manter unha conducta de tolerancia, respecto e colaboración encamiñada a facilitar unha mellor convivencia e relación cos demais usuarios/as e co persoal do centro.
- Colaborar na realización de determinadas tarefas coa finalidade dun mellor funcionamento do centro sempre de acordo co disposto no regulamento.
- Gardar as normas de hixiene e aseo tanto persoal como nas dependencias do centro.
- Facilitar a realización da limpeza do centro polo persoal encargado.
- Usar adecuadamente e con coidado o material do centro.
- Utilizar as papeleiras, cincheiros e contedores do lixo de forma axeitada
- Evitarase realizar fóra dos lugares adecuados actividades que non corresponden.
- Non se permiten animais domésticos dentro do centro.
- Tratar o persoal que traballe no centro con respecto e corrección, seguindo as súas indicacións e en caso de queixas facéndoas constar no libro de reclamacións que se habilitará ao efecto.

CAPITULO III. INFRACCIÓNS SANCIÓN S PROCEDIMENTO SANCIONADOR

Artigo 9.- Infraccións e sancións.

Os/as usuarios/as do centro serán os/as responsables dos danos e prexuízos que por acción ou omisión causen nas súas instalacións, así como das alteracións de orde que se produzan.

Sen prexuízo da responsabilidade penal ou civil en que puideran incurrir por tales actos ou omisións, que poderá esixirse diante dos xulgados e tribunais correspondentes, se os/as usuarios/as cometesen algunhas das faltas previstas nos seguintes puntos serán obxecto do procedemento sancionador que, con carácter xeral establecen as leis 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas; e 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

A tales efectos, as faltas clasificaranse en leves, graves e moi graves.

Os/as usuarios/as poderán denunciar mediante escrito ou comparecencia dirixida ao Alcalde-Presidente ou ao concelleiro/a en quen delegue, a conducta dun/ha usuario/a susceptible de ser tipificada como un dos incumprimentos definidos no presente regulamento. En ningún caso se admitirán as denuncias anónimas.

Artigo 10.- Infraccións.

Serán incumprimentos de carácter leve:

- Calquera incumprimento do regulamento de funcionamento que pola súa natureza ou gravidade non se tipifique como grave ou moi grave.

Serán incumprimentos de carácter grave:

- Non facilitar ao Concello ou Dirección do centro os datos que se soliciten aos usuarios, falsear os datos solicitados, ou non comunicar as alteracións das circunstancias ou requisitos que lle permitan ser usuario/a do centro.
- O incumprimento deste regulamento de funcionamento cando ocasione prexuízos notorios na prestación do servizo ou produza danos ou prexuízos graves a outras persoas usuarias, ou ao persoal traballador do centro.
- A reincidencia na comisión de infraccións leves.
- Entorpecer, intencionada e habitualmente, as actividades a realizar no centro.
- O maltrato de palabra cara os/as outros/as usuarios/as e/ou cara o persoal do centro.
- A subtracción de obxectos que formen parte do mobiliario e material do centro a disposición dos/as usuarios/as.
- Consumir alcohol ou calquera outra sustancia estupefaciente no centro.
- Realizar actos prexudiciais para a reputación e o bo crédito do centro.

Serán incumprimentos de carácter moi grave:

- Provocar desordes e alteracións moi graves no servizo que fagan imposible a continuidade da prestación.
- A agresión física, acoso ou maltrato ao persoal do centro, programa ou servizo, e ao resto de persoas usuarias ou visitantes.
- Ocasionar danos ou subtraer bens do centro, doutras persoas usuarias, do persoal traballador, ou, no seu caso, das persoas visitantes.
- A falta inxustificada de pago dos servizos do centro.
- A reincidencia na comisión de infraccións graves .

Artigo 11.- Sancións.

As sancións que se impoñerán aos/as usuarios/as que incorran nalgunha das infraccións clasificadas anteriormente serán as seguintes:

Por infracción leve:

- Amoestación verbal ou escrita.

Por incumprimento grave:

- Expulsión temporal do centro e perda dos beneficios da condición de usuario/a por un período máximo de tres meses.

Por incumprimento moi grave:

- Expulsión temporal do centro e perda da condición de usuario/a por un máximo de seis meses, podéndose chegar en determinados casos e de forma motivada ata a expulsión definitiva.

Artigo 12.- Procedemento sancionador.

Establécese como regra xeral a necesidade da instrución dun expediente para a imposición de sancións por faltas leves, graves e moi graves.

O expediente que se instrúa ao efecto constará das seguintes fases:

- Para as infraccións leves, graves e moi graves, o expediente iniciárase por decreto da Alcaldía do Concello de Touro á vista de informe previo dos Servizos sociais, decreto que será notificado por escrito ao/á usuario/a, indicando a infracción que se lle imputa e a sanción correspondente prevista no presente regulamento, nomeando neste decreto ao órgano instructor, que será un funcionario do Concello. O órgano competente para a resolución será o Alcalde. O prazo de alegacións será de 15 días hábiles. Á vista das presentadas poderá practicarse proba de ser necesario. Trala práctica da proba e previa audiencia da persoa presuntamente infractora, emitirase unha proposta de resolución que será notificada á persoa interesada. A resolución do procedemento corresponderá á Alcaldía.

Contra dita resolución, que non pon fin á vía administrativa, poderán interperse os recursos administrativos previstos na Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Para o non previsto neste artigo será de aplicación o disposto en relación cos procedementos sancionadores no Capítulo III da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

Para a gradación das sancións previstas teranse en conta as circunstancias persoais do autor responsable, tales como a idade , condicións físicas e psíquicas , nivel de formación, así como a transcendencia dos feitos e a alarma, intranquilidade ou inquietude producida entre os beneficiarios ou persoal de ditas instalacións, ademais das manifestacións ou mostras de sincero arrepentimento do autor e a reparación inmediata dos danos ou prexuízos ocasionados.

As faltas leves prescribirán aos dous meses, as graves aos catro meses e as moi graves ao ano, sempre que durante estes períodos de tempo non se lle comunicara ao interesado a incoación do expediente ou se producise a súa paralización por causa non imputable ao presunto responsable.

Co fin de dispoñer de todos os datos necesarios para cumprir os procedementos marcados nos casos de infracción establecerase un “registro de incidencias” no centro.

CAPITULO IV. PERSOAL E ASPECTOS DE FUNCIONAMENTO

Artigo 13.- O Centro Social Municipal de Maiores contará co seguinte cadro de persoal.

- Un psicólogo/a – educador/a social.
- Un traballador/a social.
- Un animador/a cultural.
- Persoal especializado para o desenvolvemento das diferentes actividades.
- Servizo de voluntariado.

Sen prexuízo de variación atendendo á evolución e á demanda das necesidades dos usuarios/as do servizo.

O Concello de Touro contará cos profesionais adecuados para prestar os servizos con persoal propio ou concertando os servizos necesarios con empresas privadas ou entidades de iniciativa social.

As actividades e tarefas precisas para o desenvolvemento dos programas serán sempre prestadas por persoal cualificado, e poderá contar coa colaboración de voluntarios para o desenvolvemento de tarefas complementarias sen que en ningún caso exima ao persoal da súa función.

Artigo 14.- Programa de actividades.

No centro existirá un programa anual de actividades, elaborado en función das preferencias manifestadas polos/as usuarios/as a través de enquisas e outros medios que se estimen oportunos, polos Servizos sociais de atención primaria .

O mencionado programa estará exposto no taboleiro de anuncios do centro para a debida información dos usuarios/as.

As actividades e servizos que se realizarán no centro municipal de maiores están dirixidas a persoas maiores tanto válidas como asistidas, proporcionándolles a estas últimas apoio persoal axustado ás posibles limitacións que poidan presentar. Os usuarios/as poden acudir a todas as actividades que se organicen sempre tendo en conta o rigoroso orde de preinscrición.

As actividades desenvolveranse en bloques temáticos repartidos do seguinte xeito:

- Apoio social preciso segundo as necesidades de cada usuario/a.
- Exercicio físico e envellecemento:
 - Obradoiro terapéutico de psicomotricidade
 - Ximnasia terapéutica.
- Obradoiro de memoria.
- Taller de informática.

Información, orientación e asesoramento para dar resposta ás demandas procedentes dos usuarios/as.

A relación de actividades e servizos poderá variarse en función da demanda e as preferencias manifestadas por parte dos/as usuarios/as.

Artigo 15.- Horario.

O horario de apertura e peche do centro será de:

- Inverno: 9.00 h – 15.00 h.
- Verán: os meses de xullo e agosto de 9.00 h – 14.00 h.

Este horario poderá ser modificado por decreto da Alcaldía en función da adecuación ás necesidades dos/as usuarios/as e aos recursos dispoñibles.

Artigo 16.- Réxime económico.

Na financiación do centro procurarase a colaboración da Comunidade Autónoma, da Deputación Provincial e outras institucións, sen prexuízo de regulación por acordo municipal do establecemento de prezos públicos que afecten á financiación por parte dos usuarios no mantemento e prestación de actividades no centro social respectando o establecido no artigo 56 da Lei 13/2008, de 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, no Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento e no Decreto 148/2014, do 6 de novembro, polo que se modifica o Decreto 99/2012, do 16 de marzo.

Artigo 17.- Caixa de suxestións.

O centro contará cunha caixa de suxestións para que todos/as os/as usuarios/as poidan opinar e presentar indicacións para mellorar o funcionamento do centro sempre que redunden no beneficio de todos/as.

Artigo 18.- Libro de reclamacións.

O centro terá un libro de reclamacións á disposición dos/as usuarios/as. No suposto de efectuarse algunha reclamación darase copia ao/á usuario/a e poñerase en coñecemento do/a Alcalde/sa do Concello de Touro o contido da mesma no prazo máximo de 5 días hábiles contados a partir do día seguinte a súa presentación, agás nos casos en que se requira unha comunicación inmediata.

Artigo 19.- Taboleiro de anuncios.

Estarán permanentemente expostas no taboleiro de anuncios as normas de réxime interior vixentes, así como a información de interese xeral para os/as usuarios/as.

Artigo 20.- Póliza de responsabilidade civil.

O centro disporá dunha póliza de responsabilidade civil que garantirá a cobertura das indemnizacións aos/ás usuarios/as e os sinistros do edificio. Dita póliza poderá ser requirida polos/as usuarios/as para o seu coñecemento.

Artigo 21.- Facultades de interpretación.

Corresponderanlle ao Concello de Touro as facultades de aplicar e interpretar as disposicións contidas neste regulamento, sen prexuízo das facultades que en todo caso correspondan aos tribunais.

Disposición final.

O presente regulamento, que contén 21 artigos e unha disposición final, foi aprobado polo Pleno do Concello de Touro en sesión ordinaria en data XX/XX/XXXX, e entrará en vigor unha vez transcorrido o prazo previsto no artigo 65.2 da Lei 7/1985 de 2 de abril; o día seguinte da súa publicación íntegra no Boletín Oficial da Provincia.”

Segundo.- Para xeral coñecemento publicar o mesmo no Boletín Oficial da Provincia, sen prexuízo da súa entrada en vigor desde a aprobación do mesmo.

VII.- REGULAMENTO DE RÉXIME INTERNO DO PUNTO DE ATENCIÓN Á INFANCIA DO CONCELLO DE TOURO.

Dáse conta do Regulamento de réxime interno do Punto de atención á infancia que foi informado favorablemente pola correspondente comisión.

Polo señor concelleiro D. Roberto Castro, en nome do grupo Marea Veciñal de Touro, tómase a palabra para manifestar que existe no Concello un problema demográfico que necesita promover solucións de conciliación, existindo un problema de horario que hai que resolver.

Preséntase –manifesta D. Roberto Castro- o primeiro regulamento despois de máis de 20 anos, antes cunha xestión público/privada, tardándose en prestar o servizo público cunhas instalacións obsoletas e agora cunhas boas instalacións tense un horario moi restritivo, disque non hai demanda pero non a hai porque non hai oferta.

O señor Alcalde manifesta que podería terse unha escola infantil, pero non se da chegado a iso, especificando que non está a pechar a porta a un horario máis amplo.

Polo señor Roberto Castro maniféstase que o propio regulamento e o que pecha a porta a un horario máis amplo, polo que presenta a emenda do seu grupo ao regulamento nos seguintes termos:

“Substitución do punto 4 do artigo 7 na súa totalidade, quedando redactado do seguinte xeito:

4.- O Centro ofertará horario amplo.

Permanece aberto dende as 7:30 ás 20:00 de xeito ininterrompido, ao longo de todo o ano, agás sábados, domingos e días festivos.

As nenas/os poderán permanecer no centro un horario máximo de 8 horas diarias.

Excepcionalmente, por causas debidamente xustificadas, o concello poderá conceder unha ampliación de horario.

Supresión apartado 2.3, do punto 2º, do artigo 13.

Engadir no apartado 5, do punto B, do artigo 19, o seguinte (no horario de comidas):
“merenda: entre as 16:30 e as 17:00”.

D. Roberto Castro solicita do Pleno o voto favorable a emenda do seu grupo.

Polo señor concelleiro D. Xoán A. Louzao, en nome do grupo do BNG, maniféstase que coincide coa emenda do grupo Marea Veciñal de Touro no tema do horario.

Polo señor Alcalde maniféstase que hai que ter en conta que o PAI é gratis.

O señor Xoán A. Louzao manifesta que a xente tense empadroadado no Concello do Pino por culpa do horario, sendo preciso adaptarse as necesidades das familias.

O señor Alcalde contesta que o sitio non é precario, que houbo intentos cunha academia que tampouco funcionou, agora os empregados do PAI están subvencionados e están traballando ben, as instalacións son boas, e fanse reunións cos pais polos horarios, e faise unha estimación do horario, e hai que ter en conta que o servizo é gratis.

Pola señora concelleira D^a María Elvira Martínez maniféstase que en moitas garderías hai servizo pola tarde, que se pode poñer unha taxa e cobrar o servizo aumentando os empregados, pois o horario impide unha correcta conciliación.

Polo señor concelleiro D. Xoán A. Louzao maniféstase que ao longo do curso pódese ver como van evolucionando as necesidades, debendo existir disposición para unha maior atención horaria.

O señor Alcalde contesta que se hai xente pódese estudar a aumento do horario, haberá que miralo no seu momento.

Sometida a votación a emenda do grupo Marea Veciñal de Touro, rexeitase a mesma por seis votos en contra (grupo do PP) e cinco a favor (grupos Marea Veciñal de Touro, BNG e PSG-PSOE).

Sometida a votación a proposta do grupo de goberno, o Pleno, por seis votos a favor (grupo do PP) e 5 abstencións (grupos Marea Veciñal, BNG e PSG-PSOE), acorda:

Primeiro.- Dar a súa aprobación ao Regulamento de réxime interno do Punto de atención á infancia do Concello de Touro que textualmente transcrito di:

“INTRODUCCIÓN

Normativa aplicable:

Decreto 254/2011, de 23 de decembro, polo que se regula o réxime de rexistro, autorización, acreditación e inspección dos programas e dos centros de servizos sociais, artigo 7 b) do referido decreto que establece como un dos requisitos funcionais o dispor dunhas normas de funcionamento. Decreto 329/2005, do 28 de xullo, polo que se regulan os centros de menores e os centros de atención á infancia.

Decreto 330/2009 de 4 de xuño, polo que se establece o currículo de Educación Infantil.

Para o non previsto neste Regulamento estarase ao disposto na Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime local, e normativa de desenvolvemento; Lei 3/2008, de do 3 de decembro, de servizos Sociais de Galicia, Lei 3/2011, de 30 de xuño, de Apoio á familia e convivencia de Galicia, e demais normativa autonómica que lle sexa de aplicación.

CAPÍTULO I. DATOS DO CENTRO

Artigo 1. Definición do centro

Segundo o especificado na normativa de aplicación, art. 28 do Decreto 329/2005, os Puntos de Atención á Infancia son aqueles establecementos de carácter diúrno e titularidade municipal, encadrados nos servizos sociais especializados dos concellos, que teñen como finalidade prestar unha atención de apoio aos pais/nais, titores/as ou gardadores/as dos/das nenos/as de entre 3 meses e 3 anos cando concorran situacións ou circunstancias que lles impidan o seu coidado. Ademais poderán atender aqueles casos que respondan a necesidades puntuais.

Artigo 2. Datos identificativos

- **Nome do centro:** Punto de Atención á Infancia do Concello de Touro
- **Enderezo:** Rúa Castelao nº 50. 15822 Touro
- **Teléfono:** 981 504 155
- **e-mail:** pai@concellodetouro.gal
- **Responsable:** Eva María Varela Ares

Artigo 3. Titularidade

- **Entidade titular:** Concello de Touro
- **Enderezo:** Rúa Isabel II nº 28. Touro
- **Representante legal:** Alcalde/Alcaldesa do Concello de Touro
- **Número RUEPSS:** E-424-C-2

Artigo 4. Autorizacións concedidas e tipo de xestión

- **Data do permiso de inicio de actividades:** 01/12/2005
- **Tipo de xestión:** Directa

CAPÍTULO II. FUNCIONAMENTO

Artigo 5. Obxectivos

- Descubrir, coñecer e controlar progresivamente o propio corpo.
- Actuar cada vez de forma máis autónoma nas súas actividades habituais.
- Establecer relacións sociais nun ámbito cada vez máis amplo.
- Establecer vínculos fluídos de relación cos adultos e cos seus iguais.
- Observar e explorar o entorno inmediato cunha actitude de curiosidade e de coidado.
- Facilitar a adquisición progresiva de hábitos de orde, limpeza e conservación dos materiais.
- Coñecer algunhas manifestacións culturais do seu entorno mostrando actitudes de respecto, interese e participación cara a elas.
- Representar e evocar aspectos diversos da realidade vividos, coñecidos ou imaxinados e expresalos mediante as posibilidades simbólicas que ofrecen o xogo e outras formas de representación e expresión.
- Utilizar a linguaxe oral de forma axustada ás diferentes situacións de comunicación para comprender e ser comprendidos.
- Promover e fomentar o desenvolvemento integral dos nenos/as e a aprendizaxe das habilidades cognitivas e creativas do neno/a.
- Facilitar o desenvolvemento de valores individuais e sociais básicos: cooperación, solidariedade, respecto, etc.
- Respetar a singularidade e diversidade de cada neno/a, facilitando a integración dos nenos/as con necesidades educativas especiais.
- Enriquecer e diversificar as súas posibilidades expresivas mediante o uso dos recursos e medios ao seu alcance.

Artigo 6. Capacidade

De conformidade co establecido na normativa autonómica ao respecto, o centro ten autorizada unha única unidade que acolle a nenos/as entre 3 meses e 3 anos., cun máximo de 20 nenos/as por quenda.

O Punto de Atención á Infancia ten 20 prazas autorizadas, reservándose, en todo caso, un mínimo de 1 praza para as familias en emerxencia social considerados de carácter urxente polos servizos sociais municipais.

Artigo 7. Servizos

1.- Atención asistencial e educativa, a través dun proxecto educativo propio que se axusta ao Decreto 330/ 2009 polo que se establece o currículo de educación infantil n a Comunidade Autónoma de Galicia. O proxecto educativo recolle, de xeito explícito, o tratamento lingüístico do centro, a

coeducación e a atención á diversidade mediante a flexibilidade para adecuar a educación á diversidade de aptitudes, intereses e necesidades dos/as nenos/as en toda a etapa educativa. Ademais ten en conta o carácter globalizado da intervención educativa tanto en canto que un mesmo contido desenvolve obxectivos das distintas áreas da aprendizaxe e as necesidades educativas especiais dos nenos e nenas.

2.- Servizo complementario de cociña, que consiste na alimentación, atención e coidado de nenos/as durante o tempo de permanencia no PAI. Esta prestación consiste na achega dos medios persoais e materiais necesarios para a adecuada distribución e consumo dos alimentos que traen os/as propios/as usuarios/as.

As familias asinarán autorización para proporcionar os alimentos que se achegan cada día á escola para alimentar aos seus fillos/as co compromiso a levar os alimentos segundo as medidas hixiénicas establecidas, isto é: envasados en recipientes axeitados e correctamente identificados coa data de consumo, nome e apelidos do neno/a e transportados en recipientes isotérmicos que manteñan a temperatura axeitada e con indicación de se precisan ou non refrixeración.

O servizo inclúe o almorzo, a media mañá e o xantar.

3.- O PAI non presta os servizos de comedor nin de transporte.

4.- O centro non oferta Horario amplo.

Permanece aberto dende as 8:00 a 15:00 horas de xeito ininterrompido, ao longo de todo o ano, a excepción das fins de semana e os días festivos (locais, autonómicos e nacionais).

Nos meses de xullo e agosto, o PAI reduce o seu horario de 8:30 a 14:30 debido ao descenso significativos de asistencia das persoas usuarias.

Artigo 8. Sistema de admisión

A.- Nenos/as empadroados no concello de Touro.

B.- Ter unha idade mínima de 3 meses na data da entrevista de puntuación e non ter feitos os 3 anos de idade na mesma data.

Poderán ser eximidos do límite de idade dos 3 anos os/as nenos/as con necesidades específicas de apoio educativo.

De existiren prazas vacantes poderán acceder tamén persoas dos concellos limítrofes que non conten con este servizo ou non teñan praza nas existentes.

Artigo 9. Documentación requerida

Para acceder a unha praza no Punto de Atención á infancia, os pais/nais, titores/as ou representantes legais dos menos/as, deberán presentar a seguinte documentación.

1. DNI do/a os pais/nais, titores/as ou representantes legais do neno/a.
2. 4 fotos tamaño carné do neno/a
3. Tarxeta sanitaria do neno/a
4. Libro de familia onde aparezan os pais/nais, titores/as ou representantes legais do neno/a e o propio neno/a
5. Calendario de vacinación obrigatoria na Comunidade Autónoma Galega actualizado.
6. Copia dos DNI das persoas autorizadas a recoller ao neno/a.
7. Copia do empadramento ou autorización para a comprobación do mesmo polo Concello.

No caso de separación ou divorcio dos pais, achegarase fotocopia da sentenza xudicial acompañada do correspondente convenio regulador. No caso de non contar coa sentenza, por estar en trámite o procedemento, achegarase certificado acreditativo da demanda de separación ou divorcio, co selo do Xulgado.

Artigo 10. Período de adaptación

O proceso de adaptación das novas persoas usuarias comeza o primeiro día hábil do mes de setembro. Establécese, de común acordo cos pais/nais, titores/as ou representantes legais, un horario de aproximadamente 30 minutos que vai aumentando progresivamente en tramos de 15 minutos diarios, ata a incorporación do neno/a no horario completo establecido para a súa estancia no centro.

A duración deste período non ten un tempo determinado, se non que está en función da facilidade de adaptación do neno/a ao novo medio.

Artigo 11. Procedemento de ingreso

- a) O prazo de solicitudes de reserva permanece aberta **ata o 31 de maio**. No mes de xuño comézase o proceso de entrevistas iniciais aos pais/nais/titores/as ou representantes legais e remíteselles por correo electrónico o presente Regulamento de Réxime Interior.- RRI do centro. Se non dispoñen de correo electrónico, facilitáselles unha copia en papel.
- b) Na primeira quincena de setembro procédese á formalización da matrícula e ao requirimento da documentación necesaria para ter praza no centro. Nese momento, os pais/nais/titores/as ou representantes legais dos menos/as levan unha copia do contrato de servizo asinada e selada polo centro.

Se o número de solicitudes é superior ás prazas vacantes para ese ano, ábrese unha listaxe de espera.

- c) A reserva de praza pode facerse dende o momento no que se produza o embarazo, certificando sempre a viabilidade do mesmo, tendo en conta que a adxudicación da praza, no caso de ser maior o número de solicitudes que de prazas vacantes, excluírá a aqueles nenos/as que non teñan os 3 meses cumpridos no momento de facer a entrevista inicial. De calquera xeito, a incorporación dos nenos/as producirase por orde na listaxe definitiva seguindo o baremo de puntuación.

Se se producen baixas ao longo do curso, seguirase a orde estrita de puntuación entre as persoas solicitantes en lista de espera, unha vez que esta sexa revisada e recolocada en función do sistema de admisión vixente.

Artigo 12. Procedemento de adxudicación de prazas

Unha vez cumpridos os requisitos do artigo 8 (A e B), a adxudicación de prazas farase pola seguinte orde:

1. Renovación de praza.

Os nenos/as matriculados no PAI no presente curso gozan de preferencia para a adxudicación de praza na presente convocatoria ao igual que os fillos/as do persoal que traballe no PAI.

No caso de que haxa un número excesivo de solicitantes os nenos/as que estean matriculados no curso presente poderáselles revisar a súa puntuación por se houbera algún cambio na situación social, familiar ou laboral dos seus pais/nais, titores/as ou representantes legais.

2. Novo ingreso.

Unha vez adxudicadas as prazas correspondentes, as prazas vacantes serán concedidas ás persoas solicitantes de novo ingreso segundo a puntuación obtida pola aplicación do baremo. Esta puntuación determinará a orde de relación na adxudicación de prazas.

Poderanse adxudicar prazas ás solicitudes relativas a media xornada ou incluso compartir praza intercambiando os días de asistencia ao PAI. As persoas solicitantes deste tipo de xornadas non poderán variar o horario establecido na súa solicitude.

3. Ingresos urxentes.

Para ingresos de máxima urxencia reservárase alomenos unha praza no centro. Terán a consideración de ingresos urxentes cando afecten ao seguinte caso:

- Fillos/as de mulleres ou homes con circunstancias socio-económicas e familiares que requiran unha intervención inmediata, tralo informe dos servizos sociais do concello ou o departamento da administración autonómica competente na materia.

Artigo 13. Baremo de aplicación ás solicitudes no PAI

1. Solicitudes de renovación de praza .
2. Solicitudes de admisión dos fillos que presten servizo no PAI.
3. O resto de solicitudes adxudicaranse segundo a puntuación obtida pola aplicación do seguinte baremo:

1º SITUACIÓN SOCIO-FAMILIAR:

- 1.1. Nenos/as empadroados no concello de Touro **3 ptos**
- 1.2. Por cada membro da unidade familiar..... **1 pto**
- 1.3. No caso de que a/o nena/o para o que se solicita a praza nacesse nun parto múltiple:
1pto
- 1.4. Por cada membro da unidade familiar afectado por minusvalía física, psíquica ou sensorial, enfermidade que requira internamento periódico, alcoholismo ou drogodependencia: **2 ptos.**
- 1.5. Pola condición de familia monoparental..... **3 ptos**
- 1.6. Pola condición de familia numerosa **3 ptos**
- 1.7. Pola ausencia no fogar dos dous membros parentais..... **6 ptos**
- 1.8. Por irmán/á ou irmáns/ás con praza renovada no centro **1pto**
- 1.9. Por circunstancia familiar grave debidamente acreditada **2ptos**

2º SITUACIÓN LABORAL- FAMILIAR:

2.1. Situación laboral de ocupación:

- Nai..... **6 ptos.**
- Pai..... **6 ptos.**
- Titor..... **6 ptos.**
- Titora..... **6 ptos.**
- Representante legal..... **6 ptos.**

2.2. Situación laboral de desemprego ou que perciban o tramo de inserción (Risga):

- Nai..... **3 ptos.**
- Pai..... **3 ptos.**

No caso de familias monoparentais, adxudicaráselles a puntuación da epígrafe correspondente multiplicada por dous.

Só se poderá obter puntuación por unha das epígrafes anteriores.

- 2.3. Fillos/as do persoal laboral ou funcionario do concello de Touro que estean empadroados no Concello de Touro: **2 ptos.**
- 2.4. Fillos/as de persoas que traballan no concello de Touro: **2 ptos.**
- 2.5. Fillos/as de persoas doutros concellos que traballan no concello de Touro: **1 pto.**

Artigo 13. Calendario e horarios de funcionamento

O curso escolar dará comezo o primeiro día laborable do mes de setembro, coa implantación do período de adaptación.

O centro permanecerá aberto ao longo de todo o ano, excepto os sábados e os domingos e os días considerados festivos no calendario laboral. Así mesmo os días 5 de xaneiro, martes de Entroido e 24 e 31 de decembro, o centro permanecerá pechado. Os días 22 de maio, 25 e 26 de xuño reducirase o horario da xornada; e no caso de pechar por algunha circunstancia especial o centro comunicarao coa debida antelación.

Os nenos/as deberán ter un período vacacional anual obrigatorio de polo menos 15 días, repartidos en períodos mínimos de 3 días.

O horario de apertura é de 8.00 a 15.00 horas de luns a venres. En verán, o horario é de 8.30 a 14.30 horas.

Artigo 14. Causas de baixa

- 1. Incumprimento da idade máxima regulamentaria de permanencia no PAI.
- 2. Solicitudade dos pais/nais, titores/as ou representantes legais.
- 3. Comprobación da falsidade dos datos ou documentos achegados.
- 4. Incompatibilidade e inadaptación absoluta para permanecer no centro.
- 5. Incumprimento reiterado das normas do PAI.
- 6. Falta de asistencia continuada sen xustificación:
 - a. No prazo de 15 días, por só asistir 1 día ao centro.

- b. No prazo de 1 mes, por só asistir 2 días ao centro.
- c. No prazo de 1 mes, sen ningún tipo de comunicación ao centro.

En calquera dos tres casos, o neno/a pasará ao último posto da listaxe de espera.

As normas serán debidamente comunicadas aos pais/nais, titores/as ou responsables legais no momento da formalización da matrícula e aplicadas dende o primeiro día de asistencia ao centro.

As baixas producidas por calquera dos motivos anteriormente expostos, serán cubertas polas solicitudes que estean na listaxe de espera por rigorosa orde segundo a puntuación do anexo.

Artigo 15. Réxime de saídas

Todas as saídas que se efectúan están coidadosamente planificadas, axeitadas ao grupo de idade e coa correspondente autorización de cada neno/a asinada polos pais/nais, titores/as ou representantes legais.

Artigo 16. Horario de visita

Os pais/nais, titores/as ou representantes legais terán dereito a solicitar tanta información precisen sobre a atención que reciben os/as nenos/as.

Trimestralmente recibirán información sobre os progresos adquiridos nas tres áreas de coñecemento da Educación Infantil: coñecemento de si mesmo e autonomía persoal, coñecemento do entorno e linguaxe: comunicación e representación

Durante a entrevista inicial, a persoa responsable do PAI informa aos pais/nais, titores/as ou representantes legais das actividades que se desenvolverán, da normativa establecida e dos aspectos que poidan resultar do seu interese.

En calquera momento, os pais/nais, titores/as ou representantes legais poderán solicitar unha cita para recibir información puntual sobre o/a neno/a. Estas citas daranse en función da dispoñibilidade do persoal do PAI.

CAPÍTULO III. ESTRUTURA ORGANIZATIVA

Artigo 17. Organización interna

17.1 Órganos

Dirección e coordinación: o/a encargado/a de aula é a persoa responsable da dirección e coordinación do centro.

17.2 Funcións da dirección

- Exercer a xefatura e dirección do PAI, coas obrigas derivadas destas.
- Coordinar e supervisar a actividade do persoal do PAI.
- Propoñer e deseñar as políticas que se desenvolverán no centro.
- Asumir a responsabilidade na organización, control e coordinación das actividades e eventos no ámbito do PAI.
- Atender aos pais/nais, titores/as ou representantes legais dos/as nenos/as en todo o relacionado coa súa atención.
- Tomar decisións e solucionar problemas pedagóxicos, organizativos e de funcionamento.
- Dar conta das necesidades do centro.
- Xestionar a documentación necesaria para a asistencia ao centro.
- Coordinar a relación cos pais/nais, titores/as ou representantes legais.
- Atender e dar información do funcionamento aos pais das novas persoas usuarias.
- Programar e asistir ás reunións cos pais/nais, titores/as ou representantes legais.
- Elaborar unha memoria anual.
- Calquera outra que defina a normativa de funcionamento interno.

17.3 Persoal do PAI

De conformidade co establecido na normativa autonómica reguladora, o PAI contará co persoal especializado para a atención directa dos/as nenos/as.

- **Encargado/a da aula:** licenciado/a en pedagogía, psicopedagogía ou equivalente, mestre en educación infantil ou equivalente, ou técnico superior en educación infantil ou equivalente, con contrato a tempo completo.

- **2 persoas de apoio á atención e coidado dos nenos/as:** ademais das titulacións anteriores, poderá estar en posesión dalgunha das seguintes titulacións: técnico en atención socio-sanitaria, técnico superior en animación sociocultural, técnico en coidados auxiliares de enfermería, diplomado en puericultura recoñecido pola Consellería de Sanidade ou aquelas outras recoñecidas como apropiadas polo órgano competente na autorización do centro.

Unha das persoas de apoio ten un contrato a tempo completo e a outra un contrato de 25 horas semanais.

17.4 Funcións do persoal

- Elaborar un proxecto educativo e organizativo do PAI, que defina obxectivos pedagóxicos, horario, calendario, usuarios, estrutura organizativa, persoal e as súas funcións.
- Propoñer e desenvolver o programa educativo.
- Facerse cargo do orden da aula.
- Supervisar o material didáctico e pedagóxico.
- Coidar da orde, formación, seguridade, entretemento, alimentación e aseo persoal dos nenos/as, ademais de levar o rexistro das entradas e saídas no PAI.
- Gardar o secreto profesional e o principio de confidencialidade.
- Calquera outra xestión que se lle encomende para o bo funcionamento do PAI.

Artigo 18. Procedemento para substitucións e imprevistos do persoal

No referente ás substitucións do persoal, nos casos de baixa por ausencia ou enfermidade, contratarase persoal para cubrir as baixas, seguindo a listaxe creada no último proceso de selección de persoal do PAI, por orde de puntuación.

En caso de imprevistos, a falta de persoal suplirase dende os Servizos Sociais do Concello, mediante persoal de apoio, coa titulación axeitada á normativa vixente para as funcións asistenciais de menores.

CAPÍTULO IV. NORMATIVA REFERENTE A TODO O PERSOAL

Artigo 19. Dereitos e a obrigas do persoal

► DEREITOS

- Presentar propostas que contribúan a mellorar o funcionamento do centro e a atención dos menores.
- Desenvolver as súas funcións segundo o seu criterio persoal.
- Que se lles proporcionen instrumentos e medios necesarios para o desenvolvemento das súas funcións.

► OBRIGAS

- Cumprir e facer cumprir o Regulamento de Réxime Interno do Centro.
- Realizar as funcións educativas incluídas na lexislación vixente para o ciclo educativo, no referente ao desenvolvemento dos nenos/as, á preparación e ao deseño de propostas pedagóxicas, coordinación coas familias, hixiene, alimentación e sono dos nenos/as, organización dos espazos e materiais pedagóxicos, etc.
- Establecer criterios xerais aos que deben adaptarse as intervencións educativas.
- Participar nas actividades de formación permanente.
- Prestar especial atención ao período de adaptación.
- Avaliar o funcionamento e a organización do centro e propoñer iniciativas para a mellora do seu funcionamento.
- Velar polo respecto ós dereitos dos/-as menos/as.
- O cumprimento das tarefas e responsabilidades derivadas do seu posto de traballo.
- Gardar estrita confidencialidade sobre os datos persoais dos/as nenos/as.

CAPÍTULO V. NORMATIVA REFERENTE AOS NENOS/AS

Artigo 18. Dereitos dos/das nenos/as

- A que as medidas que se adopten non atenten contra a súa liberdade de conciencia cívica, moral ou relixiosa nin contra a súa dignidade persoal.
- A recibir un trato igualitario.
- A recibir un tratamento individualizado tanto a nivel educativo como asistencial.
- A ser educados para a comprensión, a tolerancia e a convivencia democrática.
- Ao segredo profesional acerca dos datos do seu historial sanitario e socio-familiar.

Artigo 19. Normas de funcionamento

A. Normas de saúde e hixiene persoal.

1. Aseo diario dos nenos/as, coa aportación por parte dos pais de roupa de cambio, así como cueiros e toallíñas.
2. Control sanitario e aseo do persoal do centro.
3. Correcta limpeza diaria dos espazos e dos materiais do centro.
4. Evitar traer os nenos/as ante o mínimo sinal de enfermidade que poida ter algún sintoma de contaxio (tos, febre, diarrea...), ou enfermidade infecto-contaxiosa (rubéola, paperas, sarampelo, ...) tanto sexa vírico como bacteriano. De aparecerlle ó neno/a calquera destes síntomas no centro, será posto en coñecemento dos pais para a recollida do neno/a do centro na maior brevidade posible.
5. A administración de antitérmicos farase de xeito excepcional, só en situacións nas que as familias, por circunstancias persoais ou laborais, non poidan vir recoller ao neno/a.
6. Nos casos nos que se deban administrar outros medicamentos aos nenos/as, deberán ir acompañados da correspondente autorización dos pais/nais, titores/as ou representantes legais e das receitas médicas actualizadas, nas que constará o nome do neno/a, o nome do medicamento e como debe administrarse, así como a periodicidade.

B. Normas de alimentación

1. O PAI dispón de servizo de cociña, pero non de comedor, polo que os pais se farán responsables de aportar, diariamente, a comida dos seus fillos/as.
2. A dieta alimentaria dos bebés e as horas das tomas deberán comunicarse diariamente.
3. Os nenos/as non poderán traer lambetadas ao centro agás na celebración dalgún aniversario ou en festas.
4. Se o neno/a é alérxico a algunha comida é obrigatorio deixarlle constancia ó centro.
5. Horario das comidas:
 - Almorzo: entre as 8,00 e as 9,00 horas
 - Media mañá: entre as 11,00 e as 11,30 horas
 - Xantar: entre as 12,30 e as 14,00 horas

Estes horarios son comunicados aos pais/nais, titores/as ou representantes legais no momento de efectuar a matrícula, polo que o centro resérvase o dereito de subministrar este servizo antes ou despois dos mesmos.

6. Todas as comidas que se subministren no PAI estarán pautadas, co fin de que os nenos/as teñan unha dieta equilibrada que favoreza hábitos de vida saudables.
 - **Almorzo:** lácteo ou derivado con cereais, galletas ou similar e froita (optativa).
 - **Media mañá:**
 - Luns: froita ou zume
 - Martes: galleta ou similar
 - Mércores: lácteo ou derivado
 - Xoves: mini bocadillo
 - Venres: libre

- **Xantar:** todas as comidas deben incluír proteínas (peixe, carne, ovo), vitaminas (verdura, crúa ou cociñada) e hidratos de carbono (pataca, pasta, arroz, garavanzos, lentellas). As sobremesas deberán ser lácteos ou froita e limítase a inxesta de fritos a unha vez cada 10 días.

C. Normas de convivencia e igualdade

1. Respeto e tolerancia: propiciar a consideración do outro, neno/a, ou adulto/a, admitindo os diferentes enfoques e opinións dentro dun clima de tolerancia, cordialidade e honestidade.
2. Respeto á diversidade: fomentar actitudes de respecto á “diferencia”, facilitando a aceptación de que as realidades individuais son diversas tanto dende o punto de vista cultural, social e económico, como dende o do propio individuo/a.
3. Autonomía: propiciar o desenvolvemento integral dos nenos/as nos aspectos físicos, afectivos e intelectuais, facilitando recursos que favorezan a toma de iniciativa persoal dentro do grupo e que permitan os procesos de introspección e coñecemento do mundo interno, para crear unha imaxe de sí mesmo.
4. Socialización: apreciar a función social do centro como primeiro ámbito de relación ampliada do neno/a, onde terá a súa primeira experiencia social fóra do núcleo familiar, polo que se deben facilitar os recursos que permitan ao neno/a establecer relacións sociais e afectivas.
5. Colaboración: transmitir o interese polo colectivo, polo grupo e a tarefa común promovendo actitudes de cooperación e axuda.
6. Creatividade: fomentar a utilización dos recursos persoais para enfrontarse ás diferentes situacións creando alternativas e buscando solucións innovadoras.
7. Espírito crítico: fomentar a análise e reflexión sobre o entorno socio-cultural, promovendo actitudes flexibles ante os outros puntos de vista e de cambio de perspectiva ante a realidade.
8. Responsabilidade: propiciar actuacións en consecuencia cos propios principios e valores, facilitando a iniciativa e a toma de decisións persoais.

D. A lingua

Neste Concello a lingua materna da maior parte da poboación é o galego, polo que case todos/as os menos/as do centro a usan; de todos os xeitos respéctase a lingua propia de cada neno/a, de maneira que se utilizan indistintamente os idiomas galego e castelán, pero facendo máis fincapé no galego (traballos, cancións, contos, etc).

No caso de haber nenos/as non galego-falantes, adecúanse os medios ás súas necesidades para conseguir unha integración total dos mesmos.

Procúrase utilizar o galego como lingua de uso habitual para todas as actividades que se desenvolven no centro.

E. Uso das dependencias e materiais

Interiormente, no edificio diferénciase entre zona de menos/as e zona de adultos/as, incorporando nesta última, os espazos de sala de reunións, vestiario, vestíbulo, almacén, despensa, lavandería e cociña; na zona interior adicada aos menos/as, englábanse os seguintes espazos: sala de usos múltiples, aseos, aula e zona de descanso, estando a aula comunicada á área exterior cuberta para xogos.

F. Actividades e servizos extraescolares

O PAI non realiza actividades nin dispón de servizos fóra do horario de funcionamento do centro.

CAPÍTULO VI. NORMATIVA REFERENTE Á FAMILIA

Artigo 20. Dereitos e obrigas dos/das pais/nais, titores/as ou representantes legais

► DEREITOS

1. Deixar de utilizar os servizos ou abandonar o centro por vontade propia.
2. Ter información de xeito comprensible das medidas adoptadas respecto dos/as menos/as e a pedir explicacións de canto afecte á súa propia atención.
3. Participar nas actividades previamente planificadas polo persoal docente, tanto relacionadas coas festas tradicionais como de calquera outra índole.
4. Estar informados da marcha e do progreso dos seus fillos/as.
5. Establecer unha comunicación axeitada que favoreza a vinculación co centro.
6. Estar implicados na cooperación coas tarefas de orientación e apoio dos seus fillos/as.
7. Cooperar para propiciar o cambio de certos elementos da vida familiar que poidan influír negativamente na conduta e rendemento do neno/a ou ben naquelas situacións que poidan dificultar unha correcta opción profesional.
8. Recibir e canalizar as suxestións do persoal do centro.
9. Ter unha relación diaria co persoal para seguir a evolución do neno/a.

► **OBRIGAS**

1. Non interferir no desenvolvemento normal do centro.
2. Non permanecer nas aulas, agás para deixar ou recoller ao seu fillo/ a ou que sexa un requirimento do persoal do centro.
3. Cumprir as normas que estableza o centro para o seu bo funcionamento recollidas no presente regulamento.
4. Manter unha actitude de respecto, tolerancia e consideración co persoal do centro.
5. Colaborar coas educadoras na execución de pautas educativas que requiran continuidade no ámbito familiar.
6. Responsabilizarse daquelas situacións en que, por motivos de saúde ou malestar sexa conveniente que o/a neno/a abandone o centro.

Artigo 21. Instrumentos de información aos pais/nais, titores/as ou representantes legais

O Punto de Atención á Infancia do Concello de Touro realizará unha reunión expositiva na primeira semana de setembro, onde se lles comunica ós pais/nais, titores/as ou representantes legais o material co que se vai traballar ao longo do curso, o custo do mesmo así como a documentación que deben de presentar para formalizar as matrículas. Así mesmo, infórmaselles de que teñen acceso tanto ao Proxecto Educativo de Centro como ao presente Regulamento de Réxime Interno, que se atopan expostos no taboleiro de anuncios. Igualmente proporciónaselles información acerca dos dereitos e obrigas tanto dos/as nenos como dos/as pais/nais, titores/as ou representantes legais, horarios de entrada e saída e horarios de comidas.

Realizaranse reunións trimestrais, se se considera necesario, das educadoras cos pais/nais, titores/as ou representantes legais para aportar todo tipo de suxestións, intercambiar opinións e informar individualmente do nivel madurativo, avances e cambios dos/as nenos/as, así como reunións puntuais ou notas informativas individuais e/ou colocadas nas portas de entrada das aulas para o tratamento de determinados temas que atinxan ao funcionamento do PAI.

CAPÍTULO VII. RÉXIME DE COBRAMENTO

O PAI é un servizo municipal gratuíto.

Faise un único cobro anual en concepto de material, que se realiza no mes de setembro, unha vez formalizada a matrícula. Este importe oscila entre os 30 € e os 40 € dependendo da proposta pedagóxica editorial seleccionada polo persoal educativo.

Así mesmo, coincidindo coa festividade do Entroido, solicítaselles unha contribución aos pais/nais, titores/as ou representantes legais para completar o disfraz dos/as nenos/as. Este importe nunca é superior aos 5 €.

CAPÍTULO VIII. NORMATIVA REFERENTE Á INFRAESTRUTURA DO CENTRO

Artigo 22. Medidas de seguridade

Segundo a normativa vixente aplicable:

- O centro conta cunha recepción para o control na entrega e devolución dos/das nenos/as.
- Os materiais utilizados son adecuados á idade dos/das nenos/as.
- As superficies rugosas e arestas nas paredes contan coa protección adecuada.
- Os pavimentos son de superficie cálida, lisa e antiesvarante, impermeable e continua. As pinturas impermeables e non tóxicas.
- O centro dispón, dun aseo para o persoal, cun lavabo, un inodoro e unha ducha.
- Os servizos sanitarios están dotados de auga fría e quente, con billas hidro-mesturadas. O tamaño dos sanitarios é proporcionado ás idades dos/das nenos/as.
- O mobiliario é de superficie non porosa, de bordes romos e ángulos redondeados, sen saíntes agresivos e de medidas axeitadas aos/ás nenos/as.
- Os xoguetes son atraumáticos, non tóxicos, lavables e axeitados ás idades dos/das nenos/as.
- As portas de paso dispoñen da protección necesaria para evitar pillar os dedos.
- O centro dispón dun sistema de calefacción centralizado e regulable de chan radiante, que inclúe sala para o mantemento dunha temperatura idónea. Cada sala destinada aos nenos/as dispón dun termómetro na parede para ver en todo momento a temperatura á que se encontra a estancia.
- Os aparellos de iluminación incorporan elementos que evitan o cegamento e a rotura e posterior caída das lámpadas.
- Os enchufes da luz son de seguridade.
- O acristalamento é de dobre vidro e os vidros son irrompibles
- Hai detectores de fumes en todas as estancias
- As estancias dispoñen de iluminación e ventilación natural directa. Exceptúanse almacéns e cuartos de limpeza e lixo, así como os aseos.

O centro dispón de:

- A. Plan de Autoprotección implantado e inscrito no REGAPE.
- B. Póliza de responsabilidade Civil e de accidentes
- C. Póliza de sinistros/danos
- D. Libro de reclamacións a disposición das persoas usuarias.
- E. Proxecto educativo a disposición dos pais/nais, titores/as ou representantes legais
- F. Folla informatizada de rexistro de usuarios/as
- G. Expediente individual.”

Segundo.- Para xeral coñecemento publicar o mesmo no Boletín Oficial da Provincia, sen prexuízo da súa entrada en vigor desde a aprobación do mesmo.

VIII.- MOCIÓNS GRUPO MAREA VECIÑAL DE TOURO.

8.a).- Moción para o recoñecemento oficial do tramo histórico Arzúa-Beseño-Quión-Amenal do camiño de Santiago:

Polo señor concelleiro D. Dario Rey, en nome do grupo Marea Veciñal de Touro, expón a moción do seu grupo relativa ó recoñecemento oficial do tramo histórico Arzúa-Beseño-Quión-Amenal do Camiño de Santiago, que textualmente di:

“No mes de outubro de 2018 o Consello Internacional de Monumentos e Sitios (ICOMOS), organismo asesor da UNESCO encargado de seleccionar os bens patrimonio da humanidade, fixo público un informe no que fai referencia a diferentes elementos do patrimonio relacionados co noso concello. Un dos puntos centrais de dito informe, tal e como se recolle no apartado de resume, ten que ver co documentado “tramo histórico-ramal histórico del Camino de Santiago que unía Arzúa con

Amenal” que atravesaba o noso concello á altura de parroquias como Beseño e Quión. No apartado de recomendacións específicas recóllense as seguintes:

- Declarar con categoría de territorio histórico el ramal histórico del Camino de Santiago que unía Arzúa con Amenal, asignándole un área de protección amplia con el fin de garantizar la integridad y los valores territoriales, ambientales y paisajísticos del Camino de Santiago.
- Recuperar la función como camino de peregrinación del ramal histórico Arzúa-Amenal, restaurando los tramos degradados.

Resulta evidente que na delimitación actual do Camiño Francés xogaron un papel fundamental os diferentes gobernos municipais e a súa capacidade negociadora e de xestión. Antes da delimitación do Camiño Francés, regulada polo Decreto 227/2011, abriuse un período de exposición pública e alegacións no que os concellos interesados puideron participar e achegar a información pertinente para defender os seus intereses. Non foi o caso de Touro que se mantivo ó marxe do proceso. Agora, 7 anos despois, chega unha oportunidade única para conseguir que o itinerario xacobeo pase polo Concello de Touro, e ademais co respaldo dun dos organismos internacionais máis autorizados no relativo ó Camiño de Santiago. Todo isto ocorre ás portas do Xacobeo 21, con toda a repercusión social e económica que conleva esta cita e coa demanda crecente de trazados alternativos que impidan a saturación dos camiños máis frecuentados, especialmente na parte final como ocorre no Camiño Francés.

A finais do 2018 o conselleiro de Cultural Román Rodríguez apoiou a tramitación de novas rutas asociadas ó Camiño, sempre tendo en conta a necesidade de xustificalas coa base histórica e cultural. Son varios os concellos que na actualidade están tramitando a oficialización de novas rutas do Camiño, como por exemplo a de Muros-Noia ou a do Camiño Inglés por Tordoia. A primeira delas tivo presenza na FaiWay ou feira do camiño celebrada en Compostela, e que serve de escaparate para turoperadores e axencias internacionais relacionadas co Camiño de Santiago.

En relación á base histórica desta ruta, o xeógrafo Domingo Fontán xa sitúa no seu mapa este itinerario no século XIX. Outras hipóteses, recollidas da prensa, falan de que “Esta variante histórica puede tener relación con la importancia que tuvo este itinerario mucho antes de que se construyese la catedral de Santiago”, afirman los organizadores, quienes se apoyan en las investigaciones de Benito Saéz Taboada para reivindicar este tramo. En su libro ‘Las comunicaciones romanas en la provincia de A Coruña’ sitúa la vía romana XIX en el entorno por donde discurriría este trazado (Oca de Abaixo, Pousada ...). Á marxe das diferentes teses e informacións existentes, resulta imprescindible seguir os procedementos inherentes á oficialización de novas rutas xacobeas consistentes en iniciar os trámites administrativos e os estudos técnicos necesarios.

A Federación Española de Asociacións de Amigos do Camiño publicou na súa páxina web a posibilidade de recuperar este trazado histórico. Xornais autonómicos tamén se fixeron eco sobre a posibilidade de recuperara este ramal do Camiño de Santiago, destacando a súa beleza paisaxística e a cantidade de elementos patrimoniais que se pode observar nun trazado duns 21 km cheo de camiños tradicionais.

Non resulta necesario fundamentar a importancia que tería a oficialización desta ruta para o desenvolvemento económico e social do municipio, compatible con outras actividades económicas e co xeito de vida local.

A Lei 7/2008 de protección da paisaxe de Galicia e as directrices da paisaxe, que se atopan actualmente en tramitación, contemplan os camiños históricos entre os elementos do patrimonio cultural a conservar e recuperar. Nestes sentido un dos puntos do anteproxecto das directrices da paisaxe contempla as sendas, camiños históricos e viarios tradicionais como elementos que deben ser recoñecidos no planeamento urbanístico municipal.

Por elo, pide o voto favorable da Corporación ao seguinte ACORDO:

1. O inicio inmediato dos trámites necesarios para a contratación dun estudo técnico que complemente a petición administrativa para oficializar a ruta Arzúa-Quión-Amenal como ramal histórico do Camiño de Santiago tal e como solicita ICOMOS.

2. A tramitación administrativa, con carácter urgente, para a declaración como Ben de Interese Cultural deste ramal histórico do Camiño de Santiago.
3. A inclusión no planeamento urbanístico municipal dos camiños históricos ós que fai referencia o informe ICOMOS.”

Polo señor concelleiro D. Darío Rey maniféstase que o goberno non lle interesa este asunto aínda que debería estar contento polo traballo de ICOMOS, especificando que é preciso ter en conta que estamos ás portas do Xacobeo 2021 e que tamén se está a tramitar as directrices da paisaxe actualmente, tramitación que contempla os camiños históricos que é necesario protexer.

A finalidade é que o camiño estea contemplado no PXOM, que pase a ser parte do Camiño de Santiago, e que iso depende dunha decisión técnica e administrativa, polo que entende que é preciso aprobar a proposta que presenta o grupo de Marea Veciñal de Touro.

O señor Alcalde manifesta que no ano 2011 aprobouse o itinerario do Camiño de Santiago, e que pelexaron polo trazado orixinal do camiño, especificando que non está en contra deste camiño, pero que na actualidade están pelexando polo camiño Holandés, expresando que pola súa parte deixaríao, aínda que o poñería en valor.

Polo señor concelleiro D. Darío Rey manifestase que non se trata do camiño do Holandés, que non ten nada que ver coa proposta que se está a discutir.

Polo señor concelleiro D. Xoán A. Louzao, en representación do grupo do BNG, maniféstase o rogo de iniciar xestións para declarar este camiño como ruta histórica.

O señor Alcalde contesta que na Xunta non están pola labor e que tampouco pode comprometerse coa modificación do PXOM.

Polo señor concelleiro D. Xoán A. Louzao maniféstase a problemática da súa inclusión no PXOM.

Por D. Roberto Castro propónse a votación por puntos da proposta.

Sometido a votación o primeiro punto:

“O inicio inmediato dos trámites necesarios para a contratación dun estudo técnico que complementa a petición administrativa para oficializar a ruta Arzúa-Quión-Amenal como ramal histórico do Camiño de Santiago tal e como solicita ICOMOS.”

O Pleno, por unanimidade, acorda a súa aprobación.

Sometido a votación o segundo punto:

“A tramitación administrativa, con carácter urgente, para a declaración como Ben de Interese Cultural deste ramal histórico do Camiño de Santiago.”

O Pleno, por seis votos en contra (grupo do PP) e cinco votos a favor (grupos do Marea Veciñal, BNG e PSG-PSOE), rexeita a súa aprobación.

Sometido a votación o terceiro punto:

“A inclusión no planeamento urbanístico municipal dos camiños históricos ós que fai referencia o informe ICOMOS.”

O Pleno, por seis votos en contra (grupo do PP) e catro votos a favor (grupos do Marea Veciñal e PSG-PSOE) e unha abstención (grupo BNG), rexeita a súa aprobación.

8.b).- Moción para aprobación do Regulamento de participación veciñal de Touro:

Por D. Roberto Castro, en nome do grupo municipal Marea Veciñal de Touro tómase a palabra para poñer de manifesto que o Concello carece dun regulamento de participación veciñal que a cidadanía está demandando, polo que é preciso arbitrar un medio de participación que non se ten. Existe –segue a manifestar– unha demanda de participación pola veciñanza a pesar do horario intempestivo, non se lle está a permitir a participación no Pleno, posto que algunhas veces que a veciñanza ten falado en público, despois non se recolle a súa participación porque a palabra foille dada fóra do Pleno, polo que o grupo Marea Veciñal de Touro propón un regulamento que permita outra forma de participación máis efectiva. Nese sentido –segue a manifestar o señor Roberto Castro– o

regulamento recolle a posibilidade de promover a iniciativa cidadá para presentar propostas ao Pleno cando estea avalada polo 3 por cento do censo electoral, así mesmo regula o acceso á información, que se o goberno cumprira coa lei de transparencia xa se tería incluído moito deste articulado, pero como non se facilita aos concelleiros información xa nada hai que dicir da veciñanza.

Tamén se regula o acceso ás actas da Xunta de Goberno, para que sexan públicas, que estean accesibles, cando o goberno ven de negarlles aos concelleiros o acceso nunha contestación infame.

Polo señor concelleiro D. Xoán A. Louzao maniféstase, en nome do grupo do BNG, que teñen presentado as seguintes emendas ao regulamento:

“1.- Supresión dos apartados g) e h) do artigo 3, capítulo II do título preliminar e do apartado f) do artigo 8 do título I capítulo III.

2.- Inclusión no Título I capítulo III dun novo artigo:

Artigo 13. O Concello manterá actualizada e fomentará o uso da páxina Web do Concello que permitirá:

- a) Facilitar ao máximo as xestións coa Administración Local.
- b) Mellorar a transparencia da Administración Local incorporando á rede toda información de carácter público que se xere. O Concello incluírá na web os documentos pertinentes sobre a situación actual dos servizos municipais e a súa evolución no tempo.
- c) Potenciar a relación entre as Administracións a través de redes telemáticas para beneficio dos cidadáns.
- d) Posibilitar a realización de trámites administrativos municipais.
- e) Facilitar á poboación o coñecemento da rede asociativa local.

3.- Inclusión dun novo capítulo no título II.

CAPÍTULO VI.- As asembleas parroquiais

Artigo 20. A asemblea parroquial é un órgano de participación, consulta, información, control e propostas da xestión municipal, sen personalidade xurídica propia que permite a participación veciñal a nivel parroquial.

Artigo 21. A Asemblea Parroquial estará constituída por tódolos/as veciños/as da parroquia maiores de dezoito anos e que dispoñan de dereito de sufraxio activo con capacidade de obrar.

Artigo 22.- A Asemblea Parroquial convócase polo Alcalde. Reunirase cando así o decida o Alcalde ou a iniciativa dos veciños que xunten 0 20% de sinaturas acreditadas do padrón parroquial. Estará validamente constituída, en primeira convocatoria, coa asistencia dun tercio dos seu compoñentes, e cos presentes, en segunda convocatoria.

Artigo 23.- A convocatoria, á que se lle dará a necesaria publicidade, farase alomenos con oito días de antelación, salvo que a urxencia do asunto a tratar aconsellase reducir este prazo, que en ningún caso poderá ser inferior a tres días. A xustificación da redución do prazo acompañará á convocatoria.

Artigo 24.- Son funcións da Asemblea Parroquial:

- a) A proposta de nomeamento ou cese do alcalde ou alcaldesa pedáneo/a
- b) Recibir información sobre a xestión municipal e sobre os proxectos levados a cabo polo Concello e facer propostas ao concello sobre obras e servizos de interese para a parroquia así como facer suxestións sobre calquera asunto que lles afecte.

4.- Supresión do artigo 30 do capítulo VI, Título II.”

O señor concelleiro D. Roberto Castro manifesta que o seu grupo acepta as emendas do grupo do BNG.

Por D^a Gemma V. López, en nome do grupo municipal do PSG-PSOE, maniféstase que votará a favor do regulamento se se incorporan as emendas do grupo do BNG.

Así mesmo, D^a Gemma V. López manifesta que debe respectarse o marco legal, facendo fincapé nos apartados nos que se habilita a posibilidade de acudir ás Xuntas de Goberno e ás Comisións Informativas.

Polo concelleiro D. Roberto Castro maniféstase que non se trata de participar na votación dos referidos órganos, senón que un colectivo poida participar nunha comisión por ter interese no que se trata nela.

Pola concelleira D^a Gemma V. López maniféstase que debe regularse esa participación dentro do marco legal e non asembleario .

Sométese a votación o regulamento emendado pola proposta do grupo do BNG que queda redactado nos seguintes termos:

“REGLAMENTO DE PARTICIPACIÓN VECIÑAL

TÍTULO PRELIMINAR

CAPÍTULO I. Disposicións xerais

Artigo 1

Son obxecto do presente regulamento a regulación das formas, medios e procedementos de información e participación das veciñas/os e entidades veciñais na xestión municipal, conforme á lexislación vixente (artigos 1, 4.1 .a, 18, 24 e do 69 ao 72 da Lei Reguladora de Bases de Réxime Local (LRBRL) 7/1985 e 251 a 257 da Lei de Administración Local de Galicia.

Artigo 2

O Concello, a través deste Regulamento pretende acadar os obxectivos que se enumeran a continuación, que terán o carácter de principios básicos:

- Facilitar a máis ampla información sobre as súas actividades, obras e servizos.
- Facer efectivos os dereitos veciñais recollidos na lexislación vixente.
- Facilitar e promover a iniciativa e participación das veciñas/os e entidades veciñais na xestión municipal.
- Fomentar a vida asociativa do concello.
- Achegar a xestión municipal á veciñanza.

CAPÍTULO II. Dereitos das veciñas e veciños.

Artigo 3

Son dereitos das veciñas e veciños:

- a) Coñecer, en calquera momento, o estado da tramitación dos procedementos nos que teñan a condición de interesados e obter copias dos documentos contados neles.
- b) Identificar ás autoridades e ao persoal ao servizo das corporacións locais que teñan baixo a súa responsabilidade a tramitación dos procedementos.
- c) Obter copia selada dos documentos que presenten.
- d) Formular alegacións e proporcionar documentos en calquera fase do procedemento no que teñan a condición de interesadas/os, anterior ao trámite de audiencia. Estas alegacións ou documentos deberán ser estudados polo órgano competente ao redactar a proposta de resolución.
- e) Obter información e orientación no referente aos requisitos xurídicos ou técnicos que as disposicións vixentes lles imponhan aos proxectos, actuacións ou solicitudes que se propoñan realizar.
- f) Obter copias e certificados dos acordos da Corporación Local e acceder aos arquivos e rexistros, previa solicitude por escrito.
- g) Asistir aos debates dos Plenos e demais órganos colexiados, así como a participar nos mesmos, nos termos establecidos nas leis e no presente Regulamento.
- h) Exercer calquera outro dereito que lles recoñezan a Constitución e as Leis.

TÍTULO I. DA INFORMACIÓN MUNICIPAL

CAPÍTULO III. Información cidadá.

Artigo 4

O concello informará ás veciñas/os da súa xestión a través dos medios de comunicación social e municipal, e mediante a edición de publicacións, bandos, taboleiros e paneis informativos, redes sociais, a celebración de actos informativos e a través doutros medios que se consideren necesarios.

Artigo 5

As convocatorias e ordes do día das sesións do Pleno transmitiranse aos medios de comunicación social locais e faranse públicas no taboleiro de anuncios do concello, na páxina web do mesmo e redes sociais.

Artigo 6

Sen prexuízo do disposto no Art. 70.2 da LRBRL, a Corporación dará publicidade do contido das sesións plenarias e dos acordos das Xuntas de Goberno, así como das resolucións do Alcalde e das que pola súa delegación diten os Delegados.

A tal efecto, utilizaranse os medios sinalados no artigo anterior, así como cantos outros estime convenientes para unha mellor información.

Artigo 7

Serán obxecto de especial tratamento informativo e divulgativo os grandes temas municipais, así como os que afecten ao común dos cidadáns e cidadás en materia orzamentaria, fiscal, urbanística, medio ambiental e social.

No mesmo senso serán obxecto de divulgación específica entre as entidades inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións aquelas que pertencen ao seu ámbito de actuación.

Artigo 8

Nas dependencias do Concello funcionará unha Oficina de Información Municipal e Asesoramento ás Asociacións sen ánimo de lucro, coas seguintes funcións:

- a) Recoller as instancias, iniciativas, queixas e reclamacións que presenten as veciñas/os ou as entidades e Asociacións cidadás.
- b) Contestar aos escritos das cidadás/áns e Asociacións coas respostas que lles dean os departamentos ou funcionarios afectados.
- c) Recadar dos distintos departamentos municipais o estado de tramitación administrativas pola que discorre cada expediente, a petición do interesado.
- d) Facilitar información relativa ao funcionamento do Concello, dirixindo aos veciños e veciñas aos departamentos axeitados.
- e) Informar dos dereitos que lle asisten ás cidadás/áns en relación cos servizos e funcionamento do Concello.
- f) Recoller e trasladar a cada departamento ou servizo os avisos e chamadas de avarías que se reciban no teléfono do cidadá creado ao efecto.
- g) Asesorar e facilitar información sobre lexislación e normativas sobre as Asociacións no ámbito legal e de fiscalidade.
- h) Dirixir ás cidadás/áns a outras administracións competentes cando a consulta ou solicitude destes exceda do ámbito de competencias do Concello.

Artigo 9

Ás cidadás e cidadáns terán dereito ao acceso á documentación dos arquivos e rexistros municipais, sempre respectando a normativa en torno a intimidade das persoas e en todo caso o establecido na Lei de Protección de Datos. A petición deberá facerse por escrito e debidamente motivado. A autorización darase no prazo máximo dun mes e cunha antelación de polo menos dous días da data de acceso. A negativa ao acceso a arquivos e rexistros só poderá ser xustificada polas excepcións que marca a lei.

Artigo 10

a) As sesións do Pleno son públicas, agás nos casos previstos no Art. 70.1 da LRBRL, e 253 da LALG. Facilitarase a asistencia ou información a todo o público interesado en coñecer o

desenvolvemento das sesións, a través dos medios máis axitados ao caso; así mesmo, facilitarase a difusión das mesmas mediante a gravación das sesións e emisión en streaming.

b) Ás/os representantes dos medios de comunicación social terán acceso preferente e recibirán as máximas facilidades para desenvolver o seu traballo.

Artigo 11

Non son públicas as sesións da Xunta de Goberno nin das Comisións Informativas. Non obstante as entidades inscritas no RMA poderán asistir ás mesmas previa invitación do Presidente da Comisión, caso de considerar que dita Asociación ou Asociacións puideran aportar datos relevantes sobre algún dos asuntos a tratar.

Artigo 12

As actas e gravacións das sesións plenarias faranse públicas polo menos mediante difusión no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello.

Artigo 12.bis

O Concello manterá actualizada e fomentará o uso da páxina Web do Concello que permitirá:

a)) Facilitar ao máximo as xestións coa Administración Local.
b)) Mellorar a transparencia da Administración Local incorporando á rede toda información de carácter público que se xere. O Concello incluírá na web os documentos pertinentes sobre a situación actual dos servizos municipais e a súa evolución no tempo.

c)) Potenciar a relación entre as Administracións a través de redes telemáticas para beneficio dos cidadáns.

d)) Posibilitar a realización de trámites administrativos municipais.

e)) Facilitar á poboación o coñecemento da rede asociativa local.

TÍTULO II. DA PARTICIPACIÓN CIDADÁ

CAPÍTULO IV. Da iniciativa cidadá

Artigo 13

Mediante a Iniciativa Cidadá, as veciñas/os poderán formular propostas e iniciativas para debate no Pleno da Corporación. As propostas que se presenten por iniciativa cidadá deberán ter o suficiente grao de elaboración para que o Pleno poida tomar acordos concretos para a súa execución, de ser o caso.

Artigo 14

A iniciativa cidadá deberá estar avalada pola sinatura do 3% do censo electoral do Concello de Touro. Presentarase por escrito dirixido ao Alcalde, que obrigatoriamente debe incluír a proposta da iniciativa na orde do día do Pleno máis próximo, sempre que medien un mínimo de 10 días hábiles antes de dito pleno. Así mesmo a iniciativa deberá ser informada na Comisión Informativa correspondente. Na iniciativa indícarase o nome e apelidos da persoa que intervirá no Pleno. Por outra parte, o concello poderá requirir das/os proponentes da iniciativa toda a información complementaria necesaria e mesmo a presenza de representante na comisión informativa.

Artigo 15

Informaráselles ás/aos solicitantes do trámite que seguirá a proposta.

En todos os casos, a resolución comunicaráselle ás interesadas/os.

Artigo 16

En caso de carecer de orzamento, deberán incluírse, de ser posible, na seguinte transferencia de crédito as partidas necesarias para a realización das propostas aprobadas ou nos orzamentos do ano vindeiro ou vindeiros.

CAPÍTULO V. Da consulta cidadá

Artigo 17

O Concello, conforme o artigo 71 da Lei 7/1985 do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, poderá someter a consulta popular os asuntos de competencia municipal e de carácter local que sexan especialmente relevantes para os intereses dos veciños, agás os relativos á Facenda Local.

Artigo 18

A consulta cidadá sempre contemplará o dereito de todas as cidadás/áns censadas/os a seren consultados e a que a consulta exprese as posibles solucións alternativas coa máxima información posible, escrita e gráfica.

Artigo 19

- a) Correspóndelle ao Concello realizar os trámites pertinentes para celebrar a consulta cidadá sobre materias da súa competencia.
- b) Tamén se poderá celebrar consulta cidadá a petición colectiva, asinada por un mínimo do 10% do censo electoral do Concello de Touro.
- c) Todo o que non prevé este artigo regularase conforme ao disposto na lexislación estatal ou da Comunidade Autónoma, especialmente a Lei Orgánica 2/1980 de 18 de xaneiro, reguladora das diferentes modalidades de referendo.

CAPÍTULO VI.- As asembleas parroquiais

Artigo 20 A asemblea parroquial é un órgano de participación, consulta, información, control e propostas da xestión municipal, sen personalidade xurídica propia que permite a participación veciñal a nivel parroquial.

Artigo 21. A Asemblea Parroquial estará constituída por tódolos/as veciños/as da parroquia maiores de dezaoto anos e que dispoñan de dereito de sufraxio activo con capacidade de obrar.

Artigo 22.- A Asemblea Parroquial convócase polo Alcalde. Reunirase cando así o decida o Alcalde ou a iniciativa dos veciños que xunten O 20% de sinaturas acreditadas do padrón parroquial. Estará validamente constituída, en primeira convocatoria, coa asistencia dun tercio dos seu compoñentes, e cos presentes, en segunda convocatoria.

Artigo 23.- A convocatoria, á que se lle dará a necesaria publicidade, farase alomenos con oito días de antelación, salvo que a urxencia do asunto a tratar aconsellase reducir este prazo, que en ningún caso poderá ser inferior a tres días. A xustificación da redución do prazo acompañará á convocatoria.

Artigo 24.- Son funcións da Asemblea Parroquial:

- a)) A proposta de nomeamento ou cese do alcalde ou alcaldesa pedáneo/a
- b)) Recibir información sobre a xestión municipal e sobre os proxectos levados a cabo polo Concello e facer propostas ao concello sobre obras e servizos de interese para a parroquia así como facer suxestións sobre calquera asunto que lles afecte.

CAPÍTULO VII. Das Asociacións e o Rexistro Municipal de Asociacións

Artigo 25

Os dereitos recoñecidos ás asociacións para a defensa dos intereses xerais ou sectoriais das veciñas/os só serán exercitables por aquelas que se encontren inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións e Entidades.

Artigo 26

O Rexistro ten por obxecto permitir ao Concello coñecer o número de Entidades existentes no municipio, os seus fins e a súa representatividade, aos efectos de posibilitar unha correcta política municipal de fomento do asociacionismo veciñal.

Polo tanto, o RMA é independente do Rexistro Xeral de Asociacións no que, así mesmo, deben figurar inscritas todas elas.

Artigo 27

Poderán solicitar e obter a inscrición no Rexistro Municipal de Asociacións todas aquelas entidades legalmente constituídas, de funcionamento democrático e sen ánimo de lucro, con domicilio social no Concello de Touro e que desenvolvan as súas actividades neste ámbito xeográfico.

O seu obxecto será a defensa, fomento ou mellora dos intereses xerais ou sectoriais das veciñas/os do municipio e, en particular, as asociacións de veciñas/os dunha parroquia, as das nai e

pais de alumnos, as Entidades culturais, deportivas, recreativas, xuvenís, sindicais, empresariais, profesionais e calquera outras similares.

Artigo 28

O Rexistro levarase na Secretaría Xeral municipal' e os seus datos serán públicos. As inscricións realizaranse a solicitude das asociacións interesadas, que aportarán os seguintes documentos: a) Solicitude de inscrición b) Estatutos da Asociación c) Número de inscrición no Rexistro Xeral de Asociacións e noutros Rexistros públicos d) Acta da última asemblea xeral de socios, na que fose escollida a xunta directiva, vixente no día da inscrición. e) Domicilio social f) Orzamento para o ano en curso g) Programa de actividades do ano en curso h) Certificación do número de socios.

No prazo de quince días dende a solicitude da inscrición, e salvo que este se tivera que interromper pola necesidade de aportar documentación non incluída inicialmente, o Concello notificará á asociación o seu número de inscrición e a partir dese momento considerarase de alta a todos os efectos. As asociacións inscritas están obrigadas a notificar ó Rexistro toda modificación dos datos dentro do mes seguinte ó que se produza.

Artigo 29

As entidades e asociacións rexistradas terán dereito a:

- a) Recibir apoio económico do concello, na medida en que o permitan os presupostos e segundo as Bases de Subvencións ao respecto, para as súas actividades e gastos de funcionamento.
- b) Acceder aos medios públicos municipais, especialmente locais e medios de comunicación, coas limitacións que impoña a coincidencia de uso por outras entidades ou polo propio concello.
- c) Recibir as publicacións, periódicas ou non, editadas polo Concello, sempre que resulten de interese para a asociación, atendendo ó seu obxecto social.”

Sometido a votación o mesmo, o Pleno, por seis votos en contra (grupo do PP) e cinco votos a favor (grupos Marea Veciñal, BNG e PSG-PSOE), rexeita a proposta de regulamento de participación veciñal.

8.c).- Modificación das comisións informativas e a súa composición:

Polo concelleiro D. Roberto Castro, en nome do grupo Marea Veciñal de Touro, dáse conta da proposta de acordo plenario para a modificación das comisións informativas e a súa composición.

O señor concelleiro D. Roberto Castro segue a manifestar que a composición que se ten aprobado cos votos do grupo do PP en data 12 de xullo de 2019 non respecta a proporcionalidade do Pleno, sendo o único prexudicado Marea Veciñal de Touro, por canto que o grupo do BNG e do PSG-PSOE e o do PP teñen unha representación superior á de Marea Veciñal de Touro nas comisións; igualmente –manifesta- as comisións non son operativas con 9 membros, e que non lle parecen necesarios cinco membros do grupo de goberno e si lle parece que máis ben trátase de outorgárselle un complemento salarial a cinco concelleiros, polo que o seu grupo propón que as comisións estean formadas por catro membros con voto ponderado, representando fielmente a representación do Pleno, sendo a diferenza que o gasto pasaría de 1.350 euros (como xa se comprobou na Comisión de Facenda que durou un minuto e medio) a 600 euros, polo que propón dúas comisións, unha especial de contas e outra de asuntos xerais, cun membro por grupo con voto ponderado, e como xa se ten expresado no pleno de organización, terá o señor Alcalde que explicarlle á veciñanza porque non se modifica o acordo do Pleno que aprobou os 150 euros por asistencia para unha composición de nove concelleiros en lugar dun por grupo político.

Polo señor concelleiro D. Xoán Louzao, en representación do grupo do GBN, maniféstase que o seu grupo xa se ratificou no pleno de organización, e non cre que o grupo de goberno vaia cambiar o voto.

Pola concelleira D^a Gemma V. López, en nome do grupo do PSG-PSOE, manifesta que o seu voto será a favor da proposta.

Sometida a votación a proposta do grupo Marea Veciñal de Touro que a continuación se transcribe:

“Modificar o acordo da sesión do Pleno de 12 de xullo de 2019, no seu punto IV, de xeito que se modifica a composición das Comisións informativas, pasando a estar compostas por u membro de cada grupo municipal e con voto ponderado segundo a representación do seu grupo no Pleno.

Publíquese este acordo no BOP.”

O Pleno, por seis votos en contra (grupo PP) e cinco votos a favor (Marea Veciñal, BNG e PSG-PSOE), rexeita a proposta relativa a modificación das comisións informativas e a súa composición.

8.d).- Moción sobre creación de becas compensatorias para o alumnado de educación obrigatoria e postobrigatoria (FP e Universidades):

Polo señor concelleiro D. Darío Rey Suárez, en nome do grupo Marea Veciñal de Touro, dáse conta da proposta do seu grupo sobre a creación de becas compensatorias para o alumnado de educación obrigatoria e postobrigatoria (FP e Universidades), que se transcribe a continuación:

“O artigo 80 do capítulo II da Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación, refírese á compensación das desigualdades na Educación especificando que "co fin de facer efectivo o principio de igualdade no exercicio do dereito á educación, as Administracións públicas desenvolverán accións de carácter compensatorio en relación coas persoas, grupos e ámbitos territoriais que se encontren en situacións desfavorábeis e proverán os recursos económicos e os apoios precisos para iso". Máis concretamente, o artigo 83 da citada Lei establece taxativamente que "para garantir a igualdade a todos as persoas no exercicio do dereito á educación, os estudantes con condicións socioeconómicas desfavorábeis terán dereito a obter becas e axudas ao estudo.

Resulta evidente que os períodos de formación teñen un custo de oportunidade para o alumnado e para as familias que limita seriamente as posibilidades da clase traballadora en canto ó acceso ó ensino postobrigatorio. As becas do ministerio de educación, e as que proporciona a Xunta de Galicia (incompatibles entre si), son insuficientes e presentan unha serie de problemáticas (pagos nos meses de abril ou maio cando remata o curso, criterios económicos inxustos que deixan a unha boa parte do estudantado sen axudas...) que provocan que non cumpran o obxectivo primordial de compensar as desigualdades no marco dun sistema educativo que debería ser igualitario e compensatorio. O concello, como a institución máis próxima, non pode mirar para outro lado sen dar resposta algunha a esta problemática.

Concellos como Coirós, Muras, Teo ou Monforte dispoñen de convocatorias anuais de becas escolares complementarias ás doutras administracións.

As necesidades do estudantado varían en función da etapa educativa, polo que resulta necesario adaptar as contías e os gastos subvencionables á situación do becado. Nas etapas de Educación Infantil, Primaria e E.S.O pódese implementar unha axuda para a adquisición de material escolar e participación en actividades extraescolares , mentres que na Formación Profesional ou na Universidade sería preciso incluír como gastos xustificables os asociados ó transporte, aloxamento ou mantemento.

Unha partida destinada a becas no orzamento, sobre a cal non existe ningún criterio obxectivo para a súa execución, non atende ás demandas da poboación. Faise necesaria a creación dunhas bases para becas de estudio.

Por elo, pide o voto favorable da Corporación ao seguinte ACORDO:

- Creación dunhas bases PARA A CREACIÓN DE BECAS COMPENSATORIAS PARA O ALUMNADO DE EDUCACIÓN OBRIGATORIA E POSTOBRIGATORIA (FP E UNIVERSIDADES) PARA O CURSO 2019/2020 e a súa aprobación con cargo ós orzamentos de 2020, previo á aprobación destes.”

Especificando que as becas que se ofertan polo Ministerio e a Xunta teñen criterios inxustos, e ademais se o Estado lle da a beca a Xunta xa non lla outorga.

O señor Darío Rey segue a manifestar que o señor Alcalde pode opoñer que esta é unha competencia do Estado, pero debe mirar aos concellos do arredor, algúns deles do PP, Teo, Coirós, etc, podendo establecerse unhas bases con diferentes contías e incorporándoas aos orzamentos do ano 2020.

Polo señor concelleiro D. Xoán A. Louzao maniféstase que o grupo do BNG está a favor, especificando que deben ser complementarias e non substitutivas das que deben outorgar outras administracións.

Por D^a Gemma V. López, no nome do grupo PSG-PSOE, manifesta que o seu grupo xa o pedira noutras ocasións, especificando que recordaba as palabras do señor Alcalde no sentido de que o que queira estudar tiña que pagar.

O señor Alcalde manifesta que le tense referido o bono bus dos estudantes e non as becas que tería que realizarse a través dunha fundación, pero non nos termos que expresa D^a Gemma, especificando que nese sentido xa se ten subvencionado a ANPA.

Así mesmo manifesta que o que se pode axudar é no transporte, porque o demais non é de competencia do concello.

Polo señor concelleiro D. Darío Rey especificase que o Concello do Pino ten publicado nestes días as bases para destinar becas aos estudantes do seu concello.

Pola concelleira D^a María Elvira Martínez manifesta que estase a incluír aos estudantes de FP e universitarios e non soamente aos de educación obrigatoria.

O señor Alcalde manifesta que hai que darlle as voltas ao tema.

Sometida a votación a moción relativa á creación de becas compensatorias para o alumnado de educación obrigatoria e postobrigatoria (FP e Universidades), o Pleno, por seis votos en contra (grupo PP) e cinco a favor (Marea Veciñal, BNMG e PSG-PSOE), rexeita a moción.

8.e).- Acordo plenario para a modificación do horario de celebración das sesións do Pleno, para favorecer a asistencia da veciñanza:

Polo señor concelleiro D. Roberto Castro, en nome e representación do grupo Marea Veciñal de Touro, dáse conta da proposta do seu grupo para modificar o acordo da sesión do Pleno de 12 de xullo de 2019, no seu punto II, de xeito que se modifique o horario de celebración das sesións do Pleno da Corporación das 13:30 ás 20:00, especificando que a súa proposta está recollida na propia normativa do Pleno, que é público e debe favorecer a asistencia da veciñanza, especificando que debe facilitarse que sexa coñecido, accesible e non un ámbito restrinxido, nun horario que restrinxe a asistencia e restrinxe o propio carácter público dos plenos, sendo por iso que propoñen a celebración das sesións ás oito da tarde.

O señor concelleiro D. Xoán A. Louzao, en nome do grupo do BNG, manifesta que está de acordo pero que xa se ten votado, e seguiremos mantendo cada un a súa postura todos.

Por D^a Gemma V. López, en nome do grupo municipal do PSG-PSOE, maniféstase que está de acordo e que se realice o pleno a outra hora, sendo preciso conciliar a asistencia para que poida vir o público as mesmas.

Sometido a votación, o Pleno, por seis votos en contra (grupo PP) e cinco a favor (Marea Veciñal, BNMG e PSG-PSOE), rexeita a proposta para a modificación do horario de celebración das sesións do Pleno.

8.f).- Moción para a elaboración dun plan de emerxencias ante situacións de seca:

Polo concelleiro D. Darío Rey, en nome do grupo Marea Veciñal de Touro, dáse conta da moción para a elaboración dun plan de emerxencias ante situacións de seca, especificando que se ten publicado a orde para acollerse a subvención para a realización do plan de emerxencia no que se financiaban con 18.000 euros e como os do goberno non se enteran teremos que pagalo cando antes a aportación era de 2.000 euros.

Así mesmo polo concelleiro D. Darío Rey dáse lectura a moción nos seguintes termos:

“No mes de xuño de 2019 a Consellería de infraestruturas e mobilidade presentou unha liña de axuda para que os concellos, con especial atención a aqueles con menos de 5.000 habitantes, puidesen elaborar un plan de emerxencia para abordar situacións de seca, de acordo á lei do Plan Hidrolóxico Nacional. Tamén se inclúe un servizo de asistencia técnica ós municipios.

Entre os contidos mínimos deste plan deben figurar: unha descrición e diagnóstico do sistema de abastecemento, as áreas e os usos máis relevantes e as previsións de subministro alternativo en momentos de escaseza.

Nos dous últimos anos o Concello de Touro ven sufrindo episodios de escaseza de auga que conlevan restricións para o seu uso na rede de abastecemento municipal.

Por elo, pide o voto favorable do Pleno da Corporación ao seguinte acordo:

- Instar ao concello de Touro que elabore o plan de emerxencias ante situacións de seca.”

Por D. Xoán A. Louzao, en nome do grupo do BNG, manifesta que o mellor plan que se pode plantexar neste ámbito é o rexeitamento á concesión mineira e a recuperación dos ríos.

Por D^a Gemma V. López, en representación do PSG-PSOE, maniféstase votará a favor da moción por entender que é necesaria para resolver a situación de seca no concello.

Polo señor Alcalde maniféstase que o problema da seca provén da utilización da auga para outros usos que non son os domésticos, nese sentido xa se ten sacado un bando evitar que se fagan regos indebidos, non sendo preciso facer un plan de emerxencia pola situación de seca porque non existen problemas nese sentido.

Por D. Roberto Castro, en nome do grupo Marea Veciñal de Touro, maniféstase que no ámbito rural o regadío das hortas é un uso normal, e cando se emite un bando estase a restrinxir o uso normal da auga, e o que sen a restrinxir por tanto é a normalidade.

Así mesmo, manifesta que o Concello de Touro vai ter un problema porque aínda que a poboación diminúe a demanda aumenta constantemente e iso vai implicar problemas no futuro, polo que entende que a proposta que trae o seu grupo é un remedio e unha proposta seria ao problema.

Sometida a votación a proposta do grupo Marea Veciñal de Touro para a elaboración dun plan de emerxencias ante situacións de seca, o Pleno, por cinco votos a favor (grupos Marea Veciñal de Touro, BNG e PSG-PSOE) e seis votos en contra (grupo PP), rexeita a moción sometida a votación.

8.g).- Moción para a declaración de emerxencia climática no Concello de Touro:

Polo señor concelleiro D. Darío Rey, en nome do grupo Marea Veciñal de Touro, maniféstase que o seu grupo presenta unha moción para a declaración de emerxencia climática no Concello de Touro, o día de hoxe que é o día do clima, unha situación que ven creada polas malas prácticas que nos levaron a unha situación imposible e insostenible.

Seguidamente da conta da moción que se presenta nos seguintes termos:

“O Concello de TOURO recoñece que o planeta, así como os seres vivos e os ecosistemas, atópanse en grave perigo, proba diso son os recentes informes sobre o estado da biodiversidade do IPBES e sobre o quecemento global de 1,5 PC do IPCC, que alertan dun rumbo que leva á extinción dunha gran parte dos ecosistemas terrestres e da biodiversidade existente. A situación ambiental de Touro é unha demostración evidente das malas prácticas provocadas polo ser humano e que son contrarias ós obxectivos fixados en todos os tratados internacionais referentes ó cambio climático. As actividades que contribúen ao quecemento global deben ser controladas dende a administración local, considerando de interese prioritario aquelas que poñen en perigo a saúde pública e que teñen efectos irreversibles para a biodiversidade.

Son públicos algúns informes de entidades científicas independentes que fan referencia ó deterioro ambiental do noso concello, como por exemplo o publicado recentemente pola UVigo, USC, CSIC e Universidade de Swansea que conclúe que nos últimos 30 anos hai unha maior mortalidade do

salmón do río Ulla pola súa exposición ao cobre, o que incluso pode levalo á súa desaparición definitiva. Tamén son numerosos os expedientes sancionadores contra empresas que actúan no concello por contaminación ambiental e que poñen en perigo a saúde dos sistemas fluviais e da poboación.

A nivel global estamos ao bordo do punto de non retorno fronte ao cambio climático. Non responder ante a crise ecolóxica e civilizatoria suporía a morte de millóns de persoas, ademais da extinción irremprazable de especies imprescindibles para a vida na Terra, dadas as complexas interrelacións ecosistémicas.

Nese sentido aceptamos a verdade da crise climática sobre a gravidade da situación. Admitir as evidencias científicas, así como, o camiño de redución das emisións proposto é a única forma de protexer a existencia dun futuro para o municipio. A cidadanía debe de entender a urxencia e irreversibilidade desta loita e o Concello de TOURO pode desempeñar un papel clave na formación, educación e información sobre o necesario freo ás emisións e realizar unha vital adaptación ás consecuencias do incremento da temperatura global.

Resulta imprescindible actuar en consecuencia e de xeito coherente para paliar o quecemento global, polo que a administración local comprométese a asumir compromisos políticos reais e vinculantes tales como:

O CONCELLO DE TOURO COMPROMÉTESE A:

1. Establecer os compromisos políticos, normativas e recursos necesarios para garantir reducións de gases de efecto invernadoiro para chegar ao balance neto cero non máis tarde de 2040 e se é posible antes de 2035, así como deter a perda da biodiversidade e restaurar os ecosistemas como única resposta posible para evitar un colapso de todos os sistemas naturais, incluído o humano. Esixir á administración autonómica que cumpra a lexislación e que obrigue aos propietarios dos terreos mineiros á súa restauración íntegra e que asuma os pasivos ambientais (balsas abandonadas, entulleiras sen selar...) coa finalidade de evitar a contaminación dos cursos fluviais. Do mesmo xeito o Concello comprométese a exercer labores de vixilancia e actuar a nivel legal en caso de que se detecten delitos ambientais. O concello disporá dun libro na casa do Concello para que veciñanza poida comunicar posibles incumprimentos da lei relativos ao medio ambiente.

2. Abandonar os combustibles fósiles, apostando por unha enerxía 100 % renovable de maneira urxente e prioritaria. Para iso os gobernos municipais deben analizar como lograr este obxectivo e propor os plans de actuación necesarios, entre outros, frear novas infraestruturas fósiles, alcanzar o pleno autoconsumo eléctrico 100% renovable e unha mobilidade sustentable canto antes, crear espazos peonís, fomentar a bicicleta e outros medios de transporte non contaminantes, reducir a demanda de enerxía até consumos sustentables, promover o aumento da eficiencia enerxética e das instalacións renovables, crear espazos educativos e a información á poboación sobre a emerxencia climática, alcanzar unha política de residuo 0, evitar entre os bancos cos que traballa o municipio aqueles que financien proxectos baseados en combustibles fósiles, apoiar a xestión dos montes comunais enfocada á recuperación da terra fértil e o freo da erosión. A recuperación dos acuíferos, a recuperación dos pastos a través da xestión intelixente do territorio, determinar apoios e beneficios fiscais para a repoboación do rural, que desenvolve función craves de mitigación do cambio climático e abordar proxectos de rexeneración rural, ecolóxica e humana.

3. É necesario avanzar, entre outras, nunha economía local e de proximidade, que impulse a soberanía alimentaria, silvicultura, acuicultura, agricultura e gandaría ecolóxica de proximidade. Alcanzando canto antes a plena subministración agroecolóxica nos servizos de restauración municipais e estendéndoos ao resto da poboación.

4. Iniciar a necesaria adaptación dos municipios á crise climática, coas consecuencias do incremento da temperatura global, as ondas de calor, a irregularidade das precipitacións, o aumento do nivel do mar e outras manifestacións que xa se están manifestando. Elaborar o plan de emerxencia ante a seca e velar por unha boa xestión dos recursos hídricos, defendendo o interese xeral da poboación sobre proxectos ou intereses particulares.

5. A xustiza, a democracia e a transparencia deben ser alicerces fundamentais de todas as medidas que se apliquen, polo que é preciso establecer un mecanismo de toma de decisións cidadán de carácter vinculante con competencias en materia de vixilancia, seguimento e control das medidas adoptadas. Para iso será necesario establecer indicadores e obxectivos verificables e cuantificables. Faise necesario garantir que este mecanismo integre especialmente a visión de xénero e doutros colectivos vulnerables. Establecer mecanismos de participación cidadá para acordar novas medidas e facer balance sobre o cumprimento desta declaración, elaborando un informe anual no que se de conta dos acordos adoptados e do grao de cumprimento dos obxectivos establecidos. As asociacións de carácter medioambiental terán un espazo en dito informe para publicitar os seus labores e promover a colaboración cidadá na conservación do medio ambiente.

6. O Concello asume a necesidade de mellora da depuradora municipal, incluída nun informe de Augas de Galicia entre as de peor funcionamento da comarca, asumindo as inversións necesarias e establecendo a colaboración precisa con outras administracións públicas.

7. O Concello comprométese a elaborar xornadas formativas para o sector agrogandeiro, fundamental no noso municipio, de cara a reducir o impacto derivado das súas actividades e informará de xeito público de medidas e subvencións doutras entidades para a mellora da eficiencia enerxética das explotacións.

8. O Concello incluírá nas bases dos contratos públicos criterios para favorecer a contratación de empresas responsables co medio ambiente e que non teñan expedientes sancionadores nin sentencias xudiciais por actuacións negligentes contra o medio ambiente.

9. O Concello comprométese a destinar no próximo exercicio unha partida orzamentaria dedicada a subvencionar proxectos e actividades económicas que xeren valor engadido e que poñan en valor os recursos naturais propios.

10. O Concello velará polo cumprimento da lei en canto á expansión ilegal do eucalipto e programará actuacións concretas para conservar e fomentar as masas de bosque autóctono.”

Polo concelleiro D. Xoán A. Louzao, en nome do grupo do BNG, maniféstase que é necesario apostar polas enerxías renovables, a xestión de residuos, de forma específica pola compostaxe, e como xa ten manifestado noutros plenos, que o pacto dos Alcaldes non sexa cara a galería e que non se trate de dar traballo a unha empresa consultora senón que se trate de facer un estudo con un seguimento sobre o plan que se propoña.

Así mesmo, manifesta que xa no Pleno de 28 de decembro de 2018 ten manifestado que era preciso crear unha solución para os propietarios que fixeran plantacións con especies autóctonas, especificando que se lle manifestou que xa se estudaría, porque non serve poñer eucaliptos en calquera sitio aínda que sexa legal.

Pola concelleira D^a Gemma V. López maniféstase que o seu grupo está de acordo coa emenda do BNG.

Por D. Roberto Castro, en nome do grupo Marea Veciñal de Touro, maniféstase que acepta a emenda engadida do BNG.

Polo señor Alcalde maniféstase que o concello está dentro do Pacto dos Alcaldes polo Clima e estase promovendo a reciclaxe orgánica aínda que se trata dunha novidade que non ven sendo moi aceptada polos veciños.

Por D. Xoán A. Louzao maniféstase que hai que explicarlle a xente como se ten que facer a compostaxe.

O señor Alcalde manifesta que xa se ten feito un plan cos composteiros e que tivo desigual funcionamento, especificando ademais que se están marcando unhas directrices como o aforro enerxético e tamén especificando que non manifesta a súa oposición ao tema dos eucaliptos, entendendo que podería tratarse outro día.

Dáse conta das emendas do grupo do BNG que se engaden á moción do grupo Marea Veciñal de Touro, nos seguintes termos:

“1.- Substitución do punto 2 da moción polo seguinte texto:

2. Impulsar/seguir impulsando actuacións encamiñadas a minguar a pegada ecolóxica no seu ámbito xeográfico desenvolvendo as seguintes medidas no período 2019-2023:

- Aposta por fontes de enerxías renovábeis no abastecemento, polo aforro e a eficiencia no consumo, e por un modelo enerxético sustentábel, xusto, ao servizo do desenvolvemento das comunidades locais e da economía galega.
- Desenvolvemento dun modelo de mobilidade sustentábel, saudábel e seguro, que potencie a mobilidade natural (pé, bicicleta...) e o transporte colectivo, e que restrinxa ao estritamente necesario o uso dos vehículos privados a motor.
- Implantación de sistemas de xestión pública do ciclo da auga que prioricen o aforro, a reutilización, a eficiencia das redes de distribución e tratamento, e a sensibilización social sobre o uso sustentable da auga. Apoio a sistemas de xestión comunitaria da auga que primen o aforro, a eficiencia das redes de distribución, o consumo responsable e a reutilización dos recursos.
- Desenvolvemento de sistemas de xestión de residuos que promovan a redución, que fomenten a reutilización e que establezan o tratamento de proximidade dos biorresiduos primando a compostaxe domiciliar e comunitaria.

2.- Engadir o seguinte texto ao final do último parágrafo do punto 5 da moción:

... Crear un comité ou gabinete que participe no desenvolvemento, seguemento e avaliación do pacto de alcaldes polo clima, asinado polo concello de Touro, para que este conte coa máxima transparencia e participación social.

3.- Substitución do punto 10 da moción, polo seguinte texto:

10. O concello potenciará os espazos naturais protexidos e a súa conectividade, incluíndo unha liña de subvención para plantacións forestais con especies caducifolias autóctonas, e impulsará iniciativas de posta en valor do monte apostando pola multifuncionalidade e a limitación das especies forestais como o eucalipto que degradan e empobrecen os ecosistemas.”

Sometida votación a moción do grupo Marea Veciñal de Touro, coas emendas engadidas do grupo do BNG, o Pleno, por cinco votos a favor (grupos Marea Veciñal de Touro, BNG e PSG-PSOE) e seis votos en contra (grupo PP), rexeita a moción presentada.

8.h).- Moción para a creación das Bases de Subvención a Colectivos e Asociación Sen Ánimo de Lucro de Touro”:

Por D. Roberto Castro, en nome do grupo Marea Veciñal de Touro, maniféstase que se presentan unhas bases para de subvención a colectivos e asociación sen ánimo de lucro de Touro, especificando que non se poden outorgar subvencións de xeito arbitrario porque se trata de diñeiro público, polo que propón que se creen unhas bases para o outorgamento das mencionadas subvencións.

O señor Alcalde manifesta que xa existen unhas subvencións que son fixas no orzamento.

O señor concelleiro D. Roberto Castro manifesta que non se trata de aquelas subvencións que se dan mediante convenio senón que é necesario crear uns criterios para as mesmas e dotalas orzamentariamente, por canto que no propio orzamento xa hai partidas para estes fins.

O señor Alcalde manifesta que é necesario que as asociacións realicen actividades, e non ter asociacións fantasmas.

O señor concelleiro D. Roberto Castro manifesta que é necesario crear as bases e que non se empreguen de forma arbitraria os fondos públicos como se ven facendo, polo que se propón realizar unhas bases e dotar as contías anualmente.

Polo señor concelleiro do BNG, D. Xoán A. Louzao, maniféstase que é necesario levar un rexistro de asociacións, facer unhas bases para determinar como outorgar as subvencións por canto que as que houbo no seu momento xa quedaron desfasadas, manifestando que non se trata dun problema partidario.

Debatido o asunto e sometida a votación a seguinte moción, presentada polo grupo Marea Veciñal de Touro, na que se manifesta que:

Os recursos públicos non poden empregarse de xeito arbitrario.

Cando non existen criterios (criterios obxectivos) no emprego ou adxudicación dos recursos públicos, entón estes estanse a empregar de xeito arbitrario.

É o caso (o emprego de recursos públicos de xeito arbitrario) que está a acontecer coas subvencións ou achegas económicas do Concello as asociacións e colectivos. Subvencións do concello a colectivos ou asociacións que se executan dende a absoluta opacidade.

É necesario dotarse das ferramentas que permitan asignar os recursos públicos con criterios obxectivos, con transparencia e tamén co compromiso das entidades beneficiarias.

Para elo é necesaria a creación dunhas Bases para Subvencións con dotación orzamentaria anual e que rexan os criterios de adxudicación.

O Pleno, por unanimidade, acorda que:

- O Concello de Touro presente antes da aprobación dos Orzamentos 2020 unhas Bases para Subvencións a colectivos e asociacións sen ánimo de lucro de Touro, con dotación orzamentaria anual.

8.i).- Moción para a Mellora da Seguridade Viaria dos Peóns na Estrada AC-240 na Muiña:

Por D. Roberto Castro Rocamonde, en nome do grupo Marea Veciñal de Touro, pon en coñecemento do Pleno a moción relativa á “Mellora da Seguridade Viaria dos Peóns na Estrada AC-240 na Muiña”, facendo fincapé na problemática relativa ás distintos riscos e perigosidade da mesma na actual situación na que se encontra.

Por D. Xoán A. Louzao, en nome do grupo do BNG, maniféstase que está de acordo coa proposta por canto que na entrada da Muiña existe esa problemática que se establece na moción.

O señor Alcalde manifesta que efectivamente esa cuestión habería que resolver noutros sitios, como por exemplo en Bentín, Beseño, Prevediños, en realidade en toda a estrada.

Sometida a votación a moción nos seguintes termos:

“A estrada AC-241 á súa chegada ao núcleo da Muíña (sentido quilométrico crecente-dirección Arzúa-Ponte Ulla) presenta unha perigosidade moi elevada para os peóns. Precede un treito recto longo, con chegada dos vehículos en xeral a elevada velocidade. Nesta área xúntanse núcleo habitado, con parada do transporte escolar e tránsito de peóns.

A marxe dereita da vía (sentido crecente) está constituída por unha cuneta de gran profundidade e unha beiravía escasa. Aquí o risco de caída á cuneta ou atropelo é moi elevado.

Na marxe oposta, hai o treito en desuso e sen acondicionar a estrada vella. Este espazo de estar acondicionado en debida forma melloraría a mobilidade das veciñas/os, melloraría a súa seguridade, melloraría o acceso ás vivendas e terreos, e melloraría a aldea dende o punto de vista estético.

O Pleno, por unanimidade, acorda:

- Instar á Axencia Galega de Infraestruturas (Consellería de Mobilidade e Infraestruturas), titular da estrada AC-240, para que acometa as obras de mellora da seguridade viaria necesarias (creación de senda peonil nas dúas marxes, acondicionamento do espazo da estrada vella), medidas efectivas de redución da velocidade dos vehículos, para garantir a seguridade dos peóns, escolares e veciñanza en xeral.”

IX.- MOCIÓN DO GRUPO BNG DE TOURO.

Moción sobre a “Mellora e acondicionamento do acceso a Autovía A-54”:

Polo señor concelleiro D. Xoán A. Louzao, en nome do grupo do BNG, ponse en coñecemento do Pleno a moción relativa a “Mellora e acondicionamento do acceso a Autovía A-54”, especificando que é preciso aumentar o ancho da vía e non esperar a que haxa un accidente porque o estado da mesma é lamentable.

Por D. Roberto Castro, en nome do grupo Marea Veciñal de Touro, que apoian plenamente a proposta, especificando que a problemática xa ven de atrás por canto que xa estivo exposta ao público a variante da A-54 sen que se presentaran alegacións, especificando que efectivamente trátase dun acceso natural e que agora hai que reclamar sobre o que antes non se fixo.

O señor Alcalde manifesta que xa está solicitado ese arranxo a Fomento polo Concello do Pino.

O señor concelleiro D. Xoán A. Louzao manifesta que non se trata de tirar a pelota ao tellado dos outros senón de resolver o problema.

Por D^a Gemma V. López, en nome do grupo PSG-PSOE, maniféstase que efectivamente está en mal estado pero non está dentro do Concello de Touro, especificando que debería haber una atención integral a todas as estradas do concello.

Sometida a votación a proposta do grupo Marea Veciñal de Touro nos seguintes termos:

“A finais de maio deste ano abriuse ó tráfico un novo tramo da Autovía A-54 desde Lavacolla ata Arzúa que vén mellorar a comunicación entre Touro e Santiago e palía de xeito definitivo, alomenos durante un bo número de anos, a problemática que a estrada N-547 soporta cun tráfico intenso tanto de vehículos coma de pelegríns que a fan lenta e perigosa entre as poboacións de Cerceda (O Pino) e Santiago.

O que chama a atención é que unha vía coma esta non dispoña de accesos cunha mínima dotación en canto a ancho das vías, estado do firme e das beiras dos mesmos, facéndoo perigosos e por veces intransitables. Teñen ademais numerosas curvas cerradas e baches que aumentan a perigosidade xeral.

De feito teñen dificultade para se cruzaren dous turismos e xa non digamos cando un ou os dous son vehículos pesados.

Non se entende que poida abrirse ó tráfico un viario da magnitude e altura da A-54 con semellantes accesos que encerran unha perigosidade moito maior cá estrada vella.

En concreto a saída Touro-Cerceda, acceso natural para a maioría dos veciños/as de Touro na súa comunicación con Santiago, presenta un estado lamentable, con un nivel de perigosidade que fai que a probabilidade de producirse accidentes sexa moi elevada. É evidente a necesidade e urxencia do acondicionamento deste acceso mellorando o trazado, o ancho e o firme.

Aínda que é unha obra na que o concello de Touro non ten competencias si ten moito interese por canto é usada por unha gran cantidade de condutores/as deste concello e por tanto si lle corresponde solicitar aos propietarios e responsables da mesma o seu acondicionamento.

O Pleno, por unanimidade, acorda:

- Concello de Touro insta ao concello de O Pino e ao goberno central a que á maior brevidade proceda a adecuar como corresponde os viarios de acceso á A-54 no tramo recentemente aberto ó tráfico de Lavacolla ata Arzúa, en concreto o acceso de Cerceda-Touro.”

X.- ROGOS E PREGUNTAS.

D. Roberto Castro, en nome e representación do grupo Marea Veciñal de Touro, fai un rogo en relación co camiño da ponte da Laña, que une Novefontes con Santiso, que se encontra en estado intransitable, sendo un camiño útil para moverse dunha parroquia a outra, necesario tamén para casos de incendios, sendo preciso anhear o mesmo para que permita a circulación.

O señor Alcalde manifesta que tiveron un proxecto que houbo que retirar por problemas de paso, especificando que se tratará de mirar unha solución ao problema.

O señor concelleiro D. Roberto Castro pregunta polo asunto do Pacto dos Alcaldes e se o Concello ten ido a algunha reunión relativa aos mesmos.

O señor Alcalde manifesta que a esas reunións vai ir el e que de momento non ten información ao respecto porque non ten ido a celebrada en Lalín o 11 de setembro.

O señor concelleiro D. Roberto Castro pregunta ao Alcalde sobre asignación de medios ao grupo municipal, especificando que teñen presentado un escrito que non estaba na orde do día, sendo a resposta do Alcalde que non procedía a súa inclusión.

Así mesmo, o señor D. Roberto Castro Rocamonde segue manifestando que o Regulamento de organización expresa que ten que poñerse a disposición dos grupos un local e medios materiais e persoais, de acordo coa capacidade do Concello, expresando que estase a solicitar o mínimo que é un local para os grupos municipais, non recibindo resposta algunha, especificando que terán que reclamar doutro xeito.

O señor Alcalde manifesta que entende que se trata de solicitar unha axuda para o aluguer dun local.

O señor concelleiro D. Roberto Castro lémbrale o escrito que non se ten contestado.

O señor Alcalde manifesta que non entende o que lle quere dicir.

O señor concelleiro D. Alfredo Souto Castelo abandona o Pleno sendo as 17:25 horas.

O señor concelleiro D. Roberto Castro pregunta ao señor Alcalde en referencia a cuestión da emerxencia climática, se foi denegada unha solicitude para alumeado por deficiencias na xestión que non se puido emendar.

O señor Alcalde manifesta que lle están pedindo que renuncie á solicitude e estase tramitando facer unha nova proposta que substitúa á que se solicitou.

O señor D. Roberto Castro Rocamonde pregunta canto era a contía da subvención e o señor Alcalde manifesta que entre 120.000 e 130.000 euros.

O señor concelleiro D. Roberto Castro pregunta se pode aclarar se o 24 de febreiro, que se celebrou un acto pola Irmandade Xurídica Galega, que homenaxeaba a xuíza que emitiu a primeira sentenza en lingua galega no distrito de Arzúa e que estaba previsto que se asinara unha declaración a favor do galego, se o concello de Touro foi apartado do acto.

O señor Alcalde manifesta que non está entendendo nada, especificando que foron varios alcaldes e non se solicitou a firma a ninguén.

Por D. Roberto Castro Rocamonde maniféstase que se ten asfaltado a pista de Foxás a León, especificando que agora a senda peonil está nun plano inferior, máis baixo, quedando a pista bastante estreita e en condicións perigosas, preguntando tamén se estaba contemplado entrar no Concello de Boqueixón.

O señor concelleiro D. Jesús Martínez Pereira manifesta que no proxecto non estaba previsto entrar en Boqueixón.

O señor concelleiro D. Roberto Castro Rocamonde manifesta con respecto ao Centro de Saúde que ten habido baixas nas vacacións dos médicos e que non se tivo resposta ao escrito presentado no Concello, nada mudou, un só médico tivo que atender un accidente, coa problemática de que se houbera unha urxencia non habería médico. Igualmente, que o posto de pediatría non se cubre nunca. Preguntando o señor D. Roberto Castro que fixo o señor Alcalde a raíz do escrito que presentou o seu grupo.

O señor Alcalde manifesta que non se puido cubrir a baixa do médico e cando non hai pediatras son os médicos os que cubren o posto. Así mesmo, manifesta que ten falado co Xerente destas cuestións e que hai unha distribución por comarcas, especificando que non habería problema coas vacacións se houbera cinco médicos.

O señor concelleiro D. Darío Rey manifesta que a situación do ximnasio está como fai 10 anos, faltan máquinas, existindo unha demanda de moi atrás, cando se está a investir 40.000 euros na mellora do contorno da piscina e non se mellora o ximnasio.

O señor Alcalde manifesta que a obra que se está a realizar decidiuse para alí, especificando que se ten investido 1.200 euros para lixar as máquinas.

O señor D. Darío manifesta que se están a facer outros investimentos cando non hai suficientes máquinas no ximnasio e tamén prever a posibilidade de climatizalo.

O señor Alcalde manifesta que se contemplaron outras melloras que se estimaron necesarias.

O señor D. Darío Rey pregunta se se van a facer esas melloras que solicita.

O señor Alcalde contesta que en principio non.

Polo señor concelleiro D. Xoán A. Louzao, en nome do grupo do BNG, pregúntase sobre a reunión que tivo lugar para a apertura do acceso desde Ollares, na que se falou da autorización de Augas de Galicia.

O señor Alcalde manifesta que desde o Concello de Touro non se solicitou porque vana facer Vila de Cruces, especificando que desde o Concello vaise apoiar a actuación.

O señor D. Xoán A. Louzao manifesta que a actuación a levar a cabo e demais cuestións deben de realizarse conxuntamente entre o Alcalde de Touro e o de Vila de Cruces.

O señor Alcalde manifesta que quedaron os de Vila de Cruces de solicitala eles.

O señor concelleiro D. Xoán A. Louzao manifesta que fai o rogo ao Alcalde de Touro para tramite a solicitude do paso sobre a presa do encoro a Augas de Galicia e á empresa.

Polo señor concelleiro D. Xoán A. Louzao pregúntase en relación coas beirarrúas que se están a realizar na Goleta, onde non hai casas.

O señor Alcalde manifesta que antes non se podía andar porque había cuneta, por iso se realizan as beirarrúas.

Pola señora concelleira D^a Adela Iglesias maniféstase que foron os veciños os que solicitaron as beirarrúas porque antes tiñan que ter coidado cos coches.

Polo señor concelleiro D. Xoán A. Louzao pregúntase a quen pertence a finca onde está situado o cruceiro que caeu en Beseño.

Polo señor concelleiro D. Manuel Puga maniféstase que a finca na que caeu é a súa e que antes alí había un cruceiro que foi trasladado ao adro da Igrexa e quedou alí este de cemento no seu lugar.

O señor concelleiro D. Xoán A. Louzao pregunta se se arranxaron os camiños estropeados polo Rally da Auga.

O señor Alcalde manifesta que xa están arranxados cun custo de 8.500 euros.

O señor Xoán A. Louzao pregunta porque se tardou tanto en arranxar eses camiños.

O señor Alcalde manifesta que foi quedando pola tramitación administrativa.

O señor concelleiro D. Xoán A. Louzao pregunta sobre o depósito de ramas na ruta da ferverza das Hortas, especificando que se mandou un correo e resolveuse o problema pero que o veciño fíxoo de motu propio, preguntando se hai algún acordo sobre o tema ou se estamos ante un camiño público.

O señor Alcalde manifesta que non é público.

O señor D. Xoán A. Louzao pregunta se o pode cerrar ou non, porque é privado ou se se trata dunha servidume.

O señor Alcalde manifesta que o camiño non é do Concello.

O señor D. Xoán A. Louzao manifesta que entón é preciso un acordo co propietario e plasmalo nun papel.

Por D^a Gemma V. López, en nome do grupo PSG-PSOE, fai un rogo en relación coa conexión entre o ximnasio e o Colexio, especificando que sería necesario facer unha cuberta que conectara o ximnasio coa entrada ao Colexio, para evitar que se mollen os alumnos, poñendo de manifesto que plantea esta cuestión tanto como rogo como proposta.

Por D^a Gemma V. López faise o rogo en relación coa necesidade de ofertar cursos de atención socio-sanitaria.

O señor Alcalde manifesta que non está a xuntarse xente, cando hai un grupo solicítase.
Pola señora concelleira D.^a Gemma V. López maniféstase que é necesario publicitar que se vai facer para que xurda a demanda.

Pola concelleira D.^a Adela Iglesias maniféstase que o curso non está demandado.

Pola concelleira D.^a Gemma maniféstase que non se ten ofertado.

O señor Alcalde manifesta que a actividade “Touro xove emprendendo en verde” tivo que suspenderse porque non había demanda do mesma.

E non habendo máis asuntos que tratar, polo señor Alcalde declarouse finalizada a sesión sendo as dezoito horas do día ao principio indicado, levantándose a presente acta autorizada coa firma do señor Alcalde e de min, o Secretario, que dou fe.